



RAPILÁN

2010

CPI RAMÓN PIÑEIRO, POBRA DE SAN XIAO

ANO XXVIII Nº 47





VAI polo monte o camiño
outeando como un louco
polos cabarcos do val
í as poxas do taramouco.

Cruza solo a serra toda
sin levar outra compañía
que a gran presenza do ceo
sobre o silencio da braña.

Eu non seín pra onde vai
méntral'o quedo mirando.
Sólo seín que eilí se compre
o soño que estoun soñando...

TERRA moura das montañas!
Boa terra que dás auga
e teís auga nas entrañas!

UXÍO NOVONEYRA. Os eidos.



INDÍCE

4 REPORTAXES

LETRAS GALEGAS 35

38 ENTREVISTAS

VIAXES 57

63 DEPORTES

DEBUXOS E COMICS 68

75 CONTOS

MÚSICA 88

92 CINEMATHÈQUE

PASATEMPOS 94



REPORTAXES



UN HORTO NO COLEXIO

Neste curso, os alumnos do Proxecto Interdisciplinar de 1º de E.S.O. teñen que traballar sobre o tema da agricultura ecolóxica. Aproveitando que xa tiñamos un horto do curso pasado, estamos combinando a busca de información teórica coa práctica no propio horto.

Ademais os alumnos de 5º e 6º de Primaria, gracias aos seus profes Manolo e Ángeles B, estannos axudando moito. De feito son eles os que últimamente máis traballan no horto.

Tamén nos axudan os alumnos de Atención Educativa de 1º, 3º e 4º de ESO, coas profesoras Conchita e Ángeles L. Eles crearon un blog sobre o horto (cpiramonpineiro.lancara.edu.xunta.es) e se dedican a colgar a información tanto no blog como nun taboleiro que temos no pasillo. Tamén buscan noticias relacionadas, elaboran etiquetas para os cultivos, ...

¿PARA QUE QUEREMOS UN HORTO NUN COLEXIO?

Seguramente as profesoras que empezaron co horto o curso pasado, Pili e Ánxela, viron que noutros colexios funcionaban moi ben os hortos, porque é unha actividade relaxante e moi satisfactoria para os alumnos. Ademais apréndese moito sobre os ciclos biolóxicos das prantas, a distinguir as raíces das follas e dos froitos, a ver como medran... Coñécese a flora e a fauna, e valórase o traballo e a importancia do esforzo persoal para conseguir uns resultados. Ademais disfrútase do contacto coa natureza, cada vez máis perdido, sobre todo nos entornos urbanos.

Tamén se pode conseguir que os nenos e nenas proben e coñezan novas hortalizas, que eles mesmos cultivan, e adquieran o hábito de consumilas para ter unha dieta máis equilibrada. Por estes motivos hai tantos colexios que incorporan hortos ás súas actividades cotiás.

Ademais un horto tamén nos permite coñecer as tarfeas agrícolas básicas e achegarnos ao xeito de vida e costumes da maior parte da poboación galega ata hai pouco tempo. Isto pode ser moi útil para comprender e valorar máis a nosa cultura.

Un horto tamén nos pode permitir ser conscientes da importancia dos labregos e gandeiros na sociedade en xeral, como principais provedores de alimentos, e valorar así máis o seu traballo, tan menospreciado ou ignorado a miúdo.



PERO, ¿TEN SENTIDO NUNHA ZONA RURAL COMO ESTA?

En principio pode parecer que os nenos de Láncara, O Corgo e O Páramo saben moito sobre agricultura e non van aprender nada novo. Sen embargo descubrimos que esto non é así. Algúns coñecen os cultivos e axudan nas súas casas. Sen embargo moitos outros nenos sequera recoñecen as prantas das hortalizas máis comúns, nin moito menos aprenderon as técnicas necesarias para cultivalas.

Hai que ter en conta que nos últimos anos produciuse nesta zona unha gran especialización cara a gandería intensiva, o que conlevou en moitos casos o abandono da agricultura. Ademais estase dando o abandono masivo do traballo no campo cara as cidades, polo que na maior parte dos casos os nenos pensan que o seu futuro laboral está noutro sitio e dende logo non na agricultura.

¿E POR QUE UN HORTO ECOLÓXICO?

A agricultura ecolóxica é a que se fai procurando danar o menos posible o medio ambiente, producir alimentos sans e buscando que o solo non se esgote. En principio podemos pensar que a agricultura e gandería que se fan aquí xa son ecolóxicas porque son tradicionais. Pero, ¿é o mesmo agricultura ecolóxica que tradicional? E, ¿canto de tradicional queda na nosa forma de cultivar?

Vexamos en que consisten as principais técnicas da agricultura ecolóxica e comparemos:

- Na A.E. non se permiten produtos químicos artificiais como insecticidas, fungicidas, herbicidas... que contaminan moito a terra, as augas dos ríos e os propios alimentos. Moitos deles persisten moitos anos sen degradarse e circulan a través das cadeas tróficas, chegando a acumularse nas células de moitos animais, incluídos os humanos, onde son sospeitosos de provocar enfermidades como cancro, trastornos neuronais e hormonais... por este motivo prohibíronse insecticidas como o famoso DDT. Ademais matan moita outra fauna do aire ou do solo beneficiosa para os cultivos. ¿Cantos de nós non recurrimos aos herbicidas e insecticidas de forma habitual?
- Na A.E. non se utilizan abonos minerais, como nitramon, fertimón, etc. Estes permanecen moi pouco tempo no solo, infiltrándose rapidamente coa auga da choiva, e contaminando os ríos. Ademais fan que as prantas medren moito máis rápido, pero isto só é debido a que acumulan máis auga nos seus tecidos, sendo a súa calidade inferior. Estes fertilizantes minerais son frecuentemente empregados para abonar cultivos e mesmo prados.
- A A.E. utiliza abonos orgánicos, que liberan de forma lenta os mineirais que conteñen e axudan a mellorar a estrutura do solo, e con iso a súa capacidade de aireación e retención de auga. (Por certo, que no colexio facemos o noso propio compost, co que estamos reciclando materia orgánica, e diminuíndo a nosa produción de residuos).

No noso horto temos tres composteiras parecidas a esta onde botamos os restos do comedor durante o primeiro trimestre. Alternamos capas de restos de comida con capas de follas de carballo ou céspede. Se o aireamos ee vez en cando e lle controlamos a temperatura, ao final de curso deberíamos obter compost como o que se ve na foto.




Na agricultura e gandería moderna empréganse ás veces os puríns producidos nas granxas como se se tratase de esterco. Mentres o esterco é unha mezcla de materia vexetal (toxo, fento...) mesturado coas feces do gando, e logo fermentada, o purín é só un líquido con feces. Polo tanto este último só aporta nutrientes como nitratos en exceso e de forma rápida (similar ao nitramón), pero non contribúe a mellorar a estrutura do solo, e sí contribúe ao problema da contaminación dos ríos e fontes. Polo tanto, o solo dunha leira cultivada durante anos sen aportar abono orgánico como compost ou esterco, acabará degradándose e facéndose cada vez menos produtivo.

- A A.E, fai un uso responsable da auga e da enerxía. Aínda que en Galicia non tanto, vemos que en moitos lugares de España con clima mediterráneo se introduciron cultivos que precisan moita auga, como por exemplo o millo. Isto, unido ás técnicas de regado por aspersión a calquera hora do día, fai que a agricultura practicada nas últimas décadas sexa unha gran derrochadora de auga nestes lugares. A agricultura ecolóxica pretende optimizar o uso da auga, un ben moi escaso.
- A A.E. fomenta o uso de variedades adaptadas a cada zona, que son máis resistentes ao frío e ás pragas. Con isto contribuímos a que estas variedades non se perdan, e por tanto á conservación da biodiversidade. Por exemplo, no noso horto procuraremos plantar variedades locais, como os pementos de Mougán, os nabos de Lugo, as coles e os repolos, que son resistentes ás xeadas e temperaturas extremas. O mesmo sucederá co millo do país, o trigo tremesiño, etc... Sen embargo, moitas veces recurrimos aos agros para aforrar traballo e mercamos sementes que nin sequera sabemos de onde proceden.



Pementos de Mougán que plantaron no noso horto o curso pasado. Esta é unha raza única, conseguida na zona de Mougán (concello de Guntín), moi preto de aquí.

- A A.E. fai rotación de cultivos dun ano a outro, para impedir o esgotamento dos nutrientes do solo. Así, nalgunhas zonas era moi típico plantar un ano millo, outro patacas e outro deixalo a barbeito na mesma leira. No noso horto tentaremos ir alternando as coles e e repolos do primeiro ano con zanorias o segundo ano e legumes no terceiro.



ROTACIÓN DE CULTIVOS



- A A.E. emprega asociacións favorables entre os cultivos. Trátase de prantar na mesma parcela dous ou máis tipos de cultivo que se benefician mutuamente, ben porque unha repele as pragas da outra, ou ben porque se aproveitan mellor os minerais, a luz e a auga do solo. Isto tamén se fixo tradicionalmente en Galicia, onde era moi frecuente que conviviran na mesma parcela millo e fabas, millo e nabizas... Ademais as explotacións familiares mesturaban varias parcelas pequenas formando un policultivo moi rico en biodiversidade. Sen embargo nas últimas décadas se nos convenceu de que había que dedicar grandes extensións a un único cultivo, o cal favorece a aparición de pragas e incrementa o uso de pesticidas.
- A A.E. loita contra as pragas de forma preventiva, utilizando tódalas medidas mencionadas para minimizar a súa aparición. Se aínda así aparece algunha praga, empregáronse tratamentos naturais (caldo bordelés, sulfato de cobre, infusión de ortigas...) ou tamén os depredadores naturais de ditas pragas. (Exemplo: as pragas de pulgón se combaten con xoaniñoas, que son as súas depredadoras). É o que se chama loita biolóxica.

Con tódalas técnicas mencionadas ata agora, conséguese respectar á fauna do horto. Moitas destas especies son favorables porque son depredadores dos insectos perxudiciais para os cultivos. Con isto contribuímos á conservación da Biodiversidade.



Como vemos, a agricultura “moderna” ou industrializada conseguiu aumentar moito a produtividade a costa de contaminar aire, auga e solo e os propios alimentos, que ademais son menos saborosos. A costa de diminuír a biodiversidade, eliminando moitas variedades autóctonas e moita fauna beneficiosa, tanto de insectos como de aves, e esgotando o solo. Na gandería tamén aumentou a produtividade a base de tratar peor aos animais e encherlos de antibióticos e pensos artificiais, diminuíndo con iso a calidade do leite e da carne.

A vida dos labregos e gandeiros mellorou, pero seguen sen cobrar un prezo digno polo seu traballo. ¿A canto se lles paga un litro de leite ou un kilo de patacas? Moitos labregos e gandeiros seguen a abandonar o campo porque é un traballo moi mal pagado. A produción aumentou, sí, e cantas veces hai que tirar os excedentes?

Cada vez son máis os labregos e gandeiros que optan pola agricultura ou gandería ecolóxicas, xa que os consumidores demandan cada vez máis produtos sans e respectuosos co medio e os produtores cobran un mellor prezo polo seu traballo, tanto porquen ofrecen produtos máis sans e saborosos como porque eliminan intermediarios.

Os nenos e nenas de hoxe necesitan aprender hábitos de vida máis sostibles, que diminúan o esgotamento dos recursos (entre os que están o solo, a auga, o petróleo...), fomenten a reciclaxe (como por exemplo a que se fai co compost), conserven a biodiversidade, e eviten a contaminación.

Se os nenos das zonas rurais coñecen que os labregos poden vivir máis dignamente grazas á agricultura e gandería ecolóxica, poderíamos contribuir a que diminúa o abandono do campo por parte das novas xeracións.

Estas son as razóns de ser do noso horto ecolóxico.

¿E QUE ESTAMOS A CULTIVAR?

A principios de curso propuxémonos cultivar todo o que vedes a continuación:

HORTALIZAS DE FOLLA		HORTALIZAS DE BULBO	HORTALIZAS DE FROITO COMESTIBLE	CEREAIS
Nabo		Allo	Tomate	Trigo
Acelga		Cebola	Pemento	Millo
Leituga			Cabaza	
Col/ Repolo/verza		LEGUMES	Cabaciño	
Allo porro		Faba	Berenxena	
HORTALIZAS DE RAIZ E TUBÉRCULO		Chícharo	Cogombro	
Pataca		Xudía	Amorodo	
Cenoria				


Pero a medida que avanzou o curso, fomos incorporando novos cultivos, como por exemplo, as framboesas, os espárragos e as alcachofas. Estes dous últimos cultivos danse moi ben nesta zona, e sen embargo son pouco coñecidos por moitos labregos. Tamén fomos descartando outros, nalgúns casos porque houbo un inverno tan duro que as plantamos e morreron (como as acelgas), ou noutros casos xa se nos pasou a época de prantar.

Tamén queremos usar varias prantas aromáticas, xa que asociadas cos cultivos fan que estes medren mellor, ou ben repelen aos insectos causantes das pragas. No noso horto pretendemos cultivar as seguintes, polos seguintes motivos:

- Romeu: repele a mosca da cenoria e a mariposa da col.
- Salvia /xarxa: Favorece o crecemento de cenorias e coles.
- Herbaboa: repele a bolboreta da col.
- Herba luísa: Mediñal en infusión.
- Macela: Favorece o crecemento de cebola, col e trigo.
- Espliego ou lavanda: repele polillas e formigas. Ambientador tradicional.
- Eneldo: Favorece o crecemento da cabaza, cebola, leituga, millo, cogombro e cenoria.
- Albahaca: Favorece ao pemento e ao tomate. Repele moscas e mosquitos.
- Tomelo: Condimento en moitos pratos, como por exemplo, de pasta.
- Ourego: Condimento en moitos pratos, como a pizza.
- Lingua de can : Repele o escarabello da pataca.
- Menta: repele formigas (e pulgóns), bolboreta branca da col e roedores. Favorece o medre dos amorodos.
- Perexil: estimula o crecemento dos tomates.

No seguinte gráfico amósanse os cultivos que temos previstos, e en negrita os que xa están plantados. Como vedes, aínda non queda moito por prantar, coidar, recolectar...

DISTRIBUCIÓN E ASOCIACIÓNS APROXIMADA DOS CULTIVOS NO HORTO



OS ALIMENTOS ECOLÓXICOS

Elena Yáñez, Silvia Vázquez e Andrea López



¿CALES SON OS BENEFICIOS DE CONSUMIR ALIMENTOS ECOLÓXICOS?

Beneficios para o medio ambiente

Evitar a contaminación de augas, aire e solos, conservar a biodiversidade, protexer aos solos da erosión e evitar o seu esgotamento, aforrar auga e enerxía. En definitiva, contribuír a un desenvolvemento sostible que conserve os recursos para as xeracións futuras.

Beneficios para o consumidor

- Asegurarse de que está a consumir os produtos máis saudables, nutritivos e satisfactorios polas súas calidades organolépticas.
- Contribuír coa súa demanda a fomentar uns sistemas produtivos que axudan a manter este mundo como un lugar máis agradable, máis fermoso e, por riba de todo, máis habitable.
- Contribuír coa súa demanda a mellorar a que o traballo de labregos e gandeiros estea mellor pagado e poidan vivir máis dignamente.

Beneficios para o labrego ou gandeiro

- Ofrecerlle ós consumidores e a sí mesmo un produto san e de máxima calidade.
- Vivir e traballar nun ambiente sen contaminación e máis equilibrado, sen os riscos de toxicidade que lle pode acarrear a agricultura convencional e sen esquilmar os recursos naturais, o que lle asegurará a utilización dos mesmos tanto a el coma ás futuras xeracións.
- Atender á crecente demanda de produtos ecolóxicos nos mercados de todo o mundo, nos que están mellor pagados que os outros produtos. Conséguese así maiores beneficios para os labregos e gandeiros. “As granxas galegas que se dedican á produción de leite ecolóxico gozan de boa saúde”, asegura o director técnico do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), Ernesto Sánchez. As causas: a súa menor dependencia de pensos e fertilizantes, que sofren un forte encarecemento, e a súa menor dependencia da industria.

¿COMO SABER SE UN ALIMENTO É REALMENTE ECOLÓXICO?

Na Unión Europea, a Agricultura e Gandería Ecolóxicas están reguladas (regulamento 2092/91). No mesmo especificanse claramente as técnicas autorizadas neste tipo de cultivos e explotacións.

En España hai un Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica para cada comunidade autónoma, e o de Galicia chámase CRAEGA. Tódolos alimentos ecolóxicos producidos en Galicia levan este selo, moi semellante ao do resto das comunidades autónomas.



Sen embargo en cada país europeo hai un logotipo diferente. Para non causar confusión entre os consumidores, a partir de xullo utilizarase o mesmo logotipo en toda a UE, a folia verde.



TIPOS DE ALIMENTOS QUE XA SE PRODUCEN EN GALICIA

A pesar de que nos supermercados de Alemaña, Francia ou Navarra hai estanterías enteiras adicadas a produtos ecolóxicos, en Galicia son aínda pouco coñecidos e demandados. De momento pódense atopar en ecotendas (como a da Cova da Terra, en Lugo), herboristerías e grandes superficies como o Gadis, Carrefour ou o Eroski.

Nos últimos anos aumentou moito a produción en Galicia, podendo atopar xa algúns como os seguintes:

Iogures Casa grande de Xanceda.

Leite Deleitar.

Sidra Manzanova.

Meremeladas e conservas vexetais Amorodo.

Infusións, grelos e aceites esenciais Milhulloa.

Galletas ecolóxicas Daveiga.

Leite, iogur e queixo de Archeixal.

Leite O Alle.

Pan, empanadas e fariña da panadería O Agro (concello de O Páramo)

Pan da panadería Divina.

Ovos, queixo e pensos Avega.

Galletas de nata da Granxa Maruxa.

Kefir de Loureiro.

Castañas en almíbar e crema de castañas Caurelor.

Conservas vexetais A Curuxeira.

Pasta con algas de PortoMuíños

Patés, arroces e sopas con algas de Algamar


Conservas Pan do Mar

Leite President.



BICHOS BOS E BICHOS MALOS

Unha reportaxe da cadela ladreta.



Bos días, son a cadela ladreta. Vouvos falar dos bichos beneficiosos e perxudiciais para o noso horto. Eu son beneficiosa porque como pulgóns, que saben moi ben e son malos para algúns cultivos.

Os escarabellos comen as follas das pataqueiras (eu nunca as probei) e por iso son perxudiciais. Para evitar que destrúan as plantas, algúns homes retiran coas mans os seus ovos das follas. O cantárido é beneficioso porque as súas crías comen caracois (que noxo). O lucecú (que lle brilla o cú), é beneficioso. As xoaniñas (algunhas moi coloridas), contribúen á agricultura. Por iso, algunhas persoas non usan produtos químicos (que hai de máis) que as perxudiquen. O verme do aramio é perxudicial porque come raíces (que non sei como saben).

A formiga constrúe formigueiros (e sen arquitecto) que poden matar plantas, por iso é mala. Para que isto non pase, as persoas controlan os pulgóns, xa que as atraen. A bolboreta da col destrúe as plantas (párese a Terminator); é moi mala. As chinches son útiles pola súa dieta (que non sei cal é). O grilo (un bo cantante que non fai concertos), non destrúe moito os cultivos. Os saltóns (que pegan uns saltos grandísimos) non preocupan se non hai moitos (ou masificación, como din os científicos).

Os tisanuros e dipluros (vaia nome) contribúen a mellorar o horto. A cochinilla (miniporco) non é preocupante. O cardador, se non hai de máis, non preocupa. Os cempés (moito deben correr) son moi bos para a agricultura, ¡pero morden!. O sínfilo é bon.

Os arácnidos son beneficiosos porque comen 2 Kg de insectos anuais (que lambóns). A miñoca airea o chan mentres papa a terra. As alimachas (que se baban moito) causan grandes problemas e os agricultores ecolóxicos combátenas de varias maneiras: Captúranas en vasos de iogur cheos de cervexa (probeina unha vez e emborracheime), espáren en cinza polos cultivos, ou captúranas e retíranas do horto.

Por último, o caracol (corro eu máis ca el) é beneficioso porque come ovos de alimacha.

Ata a próxima, e cando nos vexamos no horto ¡saudádeme!

Rubén López Arias 1º ESO

Algo sobre min

Como vedes, se nós (as cadelas ladretas) escaseamos, os pulgóns abundan moito máis e poden formar pragas. Por iso os labregos ecolóxicos non usan insecticidas que nos maten, xa que saben que cada bicho no horto cumpre un papel importante.

Ah, e non creades esa cousa de que se nos metemos nos vosos oídos podedes quedar xordos ou morrer, non é máis que unha lenda rural. ¿Por que ía meterme eu nun oído humano, co tranquila que estou agochada nas gretas dos muros ou debaixo dos testos ou das pedras...?

Por último, vouvos dicir como nos chaman os científicos aos da miña especie: *Forficula auricularia*, e clasifícanos no grupo dos invertebrados insectos.

¿Salgo guapa na foto?





QUÍMICA E MEDIOAMBIENTE



Sempre que se explota algún recurso natural, prodúcese o vertido dalgún produto químico ó medioambiente: metais pesados, plásticos, deterxentes... Isto afecta gravemente á flora, á fauna e á cadea alimentaria, de forma directa ou indirecta.


Noutras ocasións, os vertidos son realizados dende os propios fogares ou dende as industrias nas denominadas escombreras, que teñen, ademáis, un forte impacto visual.



As augas son contaminadas por vertidos industriais, augas residuais, pesticidas, fertilizantes agrícolas... Tamén a auga quente procedente das centrais térmicas é contaminante, xa que reduce a concentración de osíxeno nos ríos ó elevarse a temperatura da auga.



O emprego de combustibles fósiles e derivados fai que se vertan á atmosfera grandes cantidades de óxidos de xofre e óxidos de nitróxeno. Estes óxidos mestúranse coa auga e transfórmanse en ácidos sulfúrico e nítrico. A chuvia que contén estes ácidos pode atacar á vexetación, ó chan e incluso ás estruturas metálicas. Recibe o nome de chuvia ácida.



As plantas son as que, de forma natural, toman o dióxido de carbono do aire para realizaren a fotosíntese. Dende a Revolución Industrial non parou de aumentar a emisión de dióxido de carbono á atmosfera, polo que as plantas xa non poden absorber o seu exceso.

Este aumento na concentración de dióxido de carbono provoca o aumento do efecto invernadoiro: a terra recibe a calor do sol e volve a emitir ó espazo parte desa calor en forma de radiación infravermella. Pero o exceso de dióxido de carbono impide que dita radiación escape ó espazo, facendo subir a temperatura da atmosfera e da terra.

Un aumento de varios grados na temperatura do planeta, pode orixinar a fusión dos casquetes polares e asubida do nivel do mar. Ademais, pode producir cambios importantes nos ecosistemas.

INDUSTRIA QUÍMICA BÁSICA

Existen tres industrias química que sirven de base ou punto de partida para moitas outras. Son as seguintes:


METALURXIA

É o conxunto de técnicas para a extracción, tratamento, obtención de metais e consecución de materias minerais extraídas por minería. O mundo moderno non sería nada sen metais, xa que moitos dos aparellos e instrumentos son composicións de metais e, através deles, chega a electricidade ós nosos fogares.


Os dous procesos de que consta a metalurxia son:

- **Concentración.** Consiste en separar a **mena** (mineral rico en metal) da **ganga** (resto do mineral). Algúns dos métodos empregados son a amalgamación, flotación e separación magnética.

- **Refinado.** En este proceso, a mena e a ganga xa separadas, son tratadas para obter o metal puro ou



case puro. Por exemplo, a obtención do ferro realízase nas fundicións ou altos fornos.



ÁCIDO SULFÚRICO

O ácido sulfúrico, H_2SO_4 , é un ácido forte, moi corrosivo, líquido, soluble en auga. Antigamente chamábasele aceite de vitriolo. Na industria utilízase para fabricar abonos, superfosfatos, detergentes....

Os dous métodos para a obtención de ácido sulfúrico son:

- Método das **cámaras de chumbo**: o xofre ou a pir-



ita queimase en torres de chumbo.

- Método de **contacto**: a combustión prodúcese nun forno

AMONÍACO

O amoníaco é un gas de olor picante. Normalmente atopámolo en disolución acuosa ó 30 ou 40%. Nos fogares utilízase para a limpeza e na industria utilízase como fertilizante e para obter ácido nítrico.

A obtención do amoníaco faise polo método de Bosch-Haber, mesturando nitróxeno e hidróxeno a máis de 200 atm e 200 °C, en presenza dun catalizador que contén ferro.




CRISTINA VÁZQUEZ LÓPEZ

3º ESO


OBTENCIÓN DE ENERXÍA

A enerxía que consumimos en maior medida procede dos tipos de instalacións que describimos a continuación:

- **Centrais térmicas**



Producen electricidade mediante a combustión de fuel ou carbón, que encontran en depósitos na propia central. A caldeira onde se realiza dita combustión está tapizada por tuberías polas que circula auga. Esta auga quéntase e convértese en vapor, que move as paletas dunha turbina solidaria cun xerador. O vapor condénsase mediante auga de refrigeración, expulsada á atmosfera como gas non contaminante.



Sen embargo, os gases da combustión do fuel ou o carbón son contaminantes, podendo dar lugar a episodios de chuvia ácida e contribuíndo a aumentar o efecto invernadoiro.

- **Centrais hidroeléctricas**

Son menos contaminantes que as térmicas, xa que aproveitan a caída da auga para producir electricidade. A auga cae sobre unhas paletas acopladas a unha turbina, que xira cun xerador producindo enerxía eléctrica.





Estas centrais necesitan unha gran inversión inicial, xa que se precisa a construción de presas, canles de derivación, grandes turbinas... e requírese que haxa auga abundante,

Presentan problemas ecolóxicos, xa que as grandes presas alteran a paisaxe e o ecosistema, impedindo o normal desenvolvemento do río sobre o que se constrúen e poden provocar inundacións.

As minicentrais utilizan embalses máis pequenos e aproveitan os saltos naturais de auga. Minimízanse os problemas ambientais, pero obtense

menos enerxía.



- Centrais nucleares




A enerxía que pode extraerse do núcleo atómico supera, con moito, á que pode obterse por outros medios, pero os riscos son maiores.

Na central nuclear, o núcleo do reactor, que contén o combustible nuclear (uranio), está rodeado por auga que se quenta a 300°C, pero non ferve por estar a máis de 350 atm. Esta auga, a través dun circuíto pechado, quenta a auga noutro circuíto, que é a que fai mover a turbina do xerador. Finalmente, a auga é enfriada mediante un aporte externo de auga. Nin a auga que está en contacto co reactor, nin a que refrixera a ésta, poden saír nunca ó exterior.

Os principais riscos das centrais nucleares son os residuos radioactivos e a posibilidade

de accidentes.



• Enerxías renovables

Son as que producen un menor impacto no medioambiente e non necesitan de aporte de combustible para o seu funcionamento. Dous exemplos:

Enerxía solar



Emprégase para obter auga quente pasándoa por un colector negro, plano, que absorbe mellor a radiación solar.

A enerxía solar fotovoltaica utilízase para producir electricidade.

Os fornos solares concentran a luz con espellos para conseguir altas temperaturas.

Enerxía eólica

Emprega xeradores de turbina de vento, en lugares con vento forte e constante, para producir electricidade.



Estos xeradores non son contaminantes, pero teñen un forte impacto visual e poden ocasionar problemas se se colocan nos lugares de paso das aves migratorias.

JÉSSICA LÓPEZ GÓMEZ (3º ESO)

GALILEO GALILEI

No ano 1609 Galileo Galilei apuntou por primeira vez ó ceo cun telescopio. Foi o comezo de 400 anos de descubrimentos que aínda continúan. O 27 de Outubro de 2006 a Unión Astronómica Internacional (UAI) anunciou a declaración pola UNESCO do 2009 como o Ano Internacional da Astronomía.



Hai 400 anos Galileo fíxonos ver que non todo xira arredor da Terra.

O astrónomo, filósofo, matemático e físico italiano naceu en 1564 cerca de Pisa. Aquí inicia os seus estudos de Medicina pero pronto se pasou ás Matemáticas. Foi profesor primeiro en Pisa e logo en Padua dende 1592 hasta 1610. En 1609 tivo noticia dun descubrimento realizado en Holanda que consistía nun tubo con dúas lentes e que permitía que os obxectos lonxanos aparecesen moito máis cercanos.

Galileo era un hábil artesano e construiu casi inmediatamente ese telescopio de 8 aumentos .



A utilización do telescopio fixo que Galileo apoiara de forma directa a teoría de Copérnico sobre o movemento da Terra e os demais planetas entornó ó Sol. Utilizando telescopios progresivamente máis potentes, Galileo realizou moitos descubrimentos de gran importancia: O Sol, considerado hasta entóns símbolo de perfección, tiña manchas. A Lúa tiña unha superficie irregular con vales e montañas. Saturno tiña unhas apéndices estranos, etc. Xúpiter estaba rodeado de lúas e era similar a un mini-sistema solar.

O telescopio desvelou, por primeira vez dende a Antigüidade, moitísimas estrelas e fenómenos que eran demasiado débiles para o ollo humano, iniciándose así a Astronomía moderna.



No campo da Física, descubriu as leis que rexen a caída dos corpos e o movemento dos proxectís. Enunciou, asimismo, as leis do péndulo.

En 1632 Galileo publicou o 'Diálogo sobre os dous grandes sistemas do mundo', que contiña unha discusión sobre os méritos relativos dos sistemas ptolemaico e copernicano. O libro ofrecía todas as probas que as observacións con telescopio proporcionaran a favor do sistema copernicano e concluía abertamente coas grandes ventaxas ofrecidas por este último.

A Igrexa someteuno a un proceso no que Galileo se viu obrigado a abxurar públicamente da teoría copernicana, condenada polo Santo Oficio. O proceso de Galileo constitúe aínda hoxe, un símbolo do poder da racionalidade e o valor da Ciencia.



Galileo ante o Santo Oficio, de Joseph-Nicolas Robert-Fleury

Dende un punto de vista meramente astronómico, Galileo abriunos por primeira vez dende a Antigüidade, un universo novo, polo que ten merecido o título de 'pai da Astronomía moderna'.

VANESSA TOIRÁN RODRÍGUEZ 4º ESO



PREMIOS NOBEL 2009

En outubro pasado anunciáronse os Premios Nobel 2009. Vouvos falar un pouco da orixe destes premios:

ALFRED NOBEL naceu en Estocolmo en 1833. Realizou estudos de Química e Enxeñería. Na súa época, a minería progresou a unha velocidade sen precedentes na historia. A nitroglicerina era o explosivo máis utilizado pero o seu transporte era moi perigoso. Nobel mesturou o explosivo líquido cun material absorbente (a terra de diatomeas), conseguindo un polvo que que podía ser percutido e incluso queimado ó aire libre sen que explotase. A mestura resultante só explotaba con detonadores eléctricos y químicos. Nacera a DINAMITA.



Grazas ó seu invento maior parte da cal destinou que otorgase premios ano ano precedente tivesen remanidade nos seguintes campos: Literatura e Paz Mundial.

acumulou unha gran fortuna, a á creación dunha fundación para repartir premios entre aqueles que durante a súa vida tiveran realizado o maior beneficio á Humanidade nos seguintes campos: Física, Química, Medicina,

Os galardóns foron entregados en

Estocolmo o día 10 de decembro.

• PREMIO NOBEL DE FÍSICA 2009

Este ano compartiron premio:

Charles Kao, británico-americano nacido en Shanghai e membro do **Standard Telecommunication Laboratories Harlow**, no Reino Unido e da **Universidade China de Hong Kong**. O canadense-americano **Willard Boyle** e o estadounidense **George Smith**, ambos membros do **Bell Laboratories Murray Hill en New Jersey**.



Estes científicos lograron dominar a luz, dando lugar a aplicación prácticas en electrónica, como os sensores de imaxe das cámaras dixitais e a transmisión por fibra óptica a longa distancia a case a velocidade da luz.

- **PREMIO NOBEL DE QUÍMICA 2009**

Os galardoados foron: Venkatraman Ramakrishnan que traballa para o **Labororio de Bioloxía Molecular do Medical Research Council en Cambridge** , **Thomas Steitz** na **Universidade de Yale** e **Ada Yonath**, que é investigadora do **Instituto Weizmann en Rehovot**, Israel.



Estes científicos nunca traballaron xuntos. Consequiron coñecer a estrutura tridimensional dos RIBOSOMAS, gracias a unha técnica coñecida como cristalografía de Raios X. Poden establecerse así diferencias entre células bacterianas e células humanas, polo que será posible deseñar novos antibióticos que eviten as resistencias bacterianas.

MARTA TABOADA LÓPEZ 4º ESO

CULTURA XORDA

O colectivo Xordo basea a súa cultura en valores, regras de conducta, costumes e tradicións.

VALORES

- A lingua de signos, para comunicarse.
- Asociacións de Sordos, como un lugar de encontro. En Galicia as Asociacións están



Lámina do “Abecedario demostrativo” de 1620 de Juan Pablo bonet

en Lugo, A Coruña, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo.

- Adultos xordos, como modelos para nenos xordos.



REGLAS DE CONDUCTA

- Chamar á Persoa Xorda cun suave toque no ombro.
- Inútil berrarlle.
- Sinalar co dedo índice non supón falta de educación en Lingua de Signos; é unha forma correcta para chamar a atención.
- Chamar a atención con luces.

COSTUMES

- Por ridículo que pareza, as Persoas Xordas acostuman tardar moito en despedirse.
- Dar golpecitos na mesa cos dedos índice e corazón, ou cos puños pechados antes de comer para dexesarse un bo proveito.
- Brindar, cun toque entre as mans que suxeitan as copas.
- Aplaudir, apláudese levantando os brazos e sacudindo as mans en alto.
- Ser moi expresivo, a expresión facial é decisiva para a comunicación; é unha das bases formativas dos signos.
- Se non oen e non comprenden a curiosidade esvaécese, por iso non acostuman ir ao cine, teatro, etc.

TRADICIÓNS

- Celebración de aniversarios da Fundación das asociacións.
- Día do Xordo, que é o último Domingo do mes de setembro.

ENTENDER ÁS PERSONAS XORDAS E A SÚA CULTURA, SIGNIFICA “VER AS COUSAS DENDE O PUNTO DE VISTA DO OUTRO”

S A B I A S QUE.....

No transcurso dunha hora de traballo, un intérprete de Lingua de Signos pode ser capaz de realizar os seguintes movementos:



➤ Movementos de dedos	5.280
➤ Movementos dos pulsos	3.192
➤ Movementos cóbados	3.540

ALFABETO DACTILOLÓXICO



Deste xeito o nome do noso centro signaríase:



Agora que xa sabes deletrear, podes practicar con palabras que teñen signo propio. Estos son os signos dalgunhas asignaturas:



Tecnoloxía



Educación para a cidadanía



Educación Física



Francés



Galego



Plástica



Naturais




Música



Química



Relixión



Historia



Xeografía




Inglés



Lingua


Para expertos:

¿Gústanche as matemáticas?





Matemáticas

Sí, gústánme as matemáticas




Matemáticas

Non, non me gustan as matemáticas.



Matemáticas



UN COLEXIO SEN BARREIRAS

Agradecemos á Fundación CNSE que nos permita a utilización das imaxes do “Diccionario de la Lingua de Signos Española”.

Departamento Lingua de Signos

AS CLAVES DO ÉXITO DE OBAMA.

CONVENCE COMO OBAMA

A historia de Obama é algo excepcional, sen apenas ter bagaxe política conseguiu aceptación e recoñecemento internacional. Sen dúbida temos moito que aprender das súas técnicas de liderazgo. Na asignatura Obradoiro de Iniciativa Emprendedora estudiamos a fondo a súa oratoria, actitude, xestos... Se queres ser un líder coma Obama recorda estes consellos:

Fortalece os teus puntos débiles

Identifica os teus puntos débiles ou posibles erros e dalles a volta, afrontaos de xeito directo, natural e incluso divertido. Demostrarás humildade e honestidade ao recoñecer os teus erros. Obama dixo: “Puxéronme un nome africano, Barack ou Bendecido, coa convicción de que nunha América tolerante o nome non é un obstáculo para triunfar. Hoxe estou aquí, agradecido da diversidade da miña herdanza. Estou aquí, sabendo que en ningún outro país da terra é posible a miña historia”. É dicir, consigue que argumentos que poderían ser unha arma arroxadiza se convertan nun triunfo: pai extranxeiro, familia desestructurada, parexa interracial, infancia no extranxeiro, antecedentes familiares musulmáns...

Transmite honestidade

Da exemplo e busca o compromiso da xente a través da transmisión de valores, non do medo ou a imposición.



Cumpre o que prometes

Deste xeito os demais non perderán a confianza en ti.

Empatiza coa xente

Coñece os seus problemas e angustias, comparte os seus medos, fálalles na súa linguaxe e recrea situacións coas que se identifiquen. Deste xeito sentiránse preto de ti.

Respeto e persuasión

Respetas sempre ao adversario. Ante os insultos, planta cara de forma cortés, pero firme. Os insultos só serven para desprestixiar a quen os utiliza. O propio Obama “canto máis discrepo de volver a falar con ela”.



teu

di:

cun-

Talento para comunicar



Obama domina as oracións de 20 segundos, crea eslógan e frases moi fáciles de recordar, con palabras simples e verbos de acción, como o famoso “Yes, we can”.

Utiliza unha linguaxe positiva e afirmativa, fala de emocións e utiliza moito os pronomes persoais eu e nós, “Non son eu quen o consegue, somos nós”.

Tamén fala dende a perspectiva de quen fala a un público intelixente e que sabe que hai entre

máns.

Dirixir equipos

Recoñece os méritos alleos, tanto os do seu equipo coma os dos opoñentes.

Rodéase dos mellores, veñan de onde veñan, e sen ter medo de que sexan incluso máis válidos ca él.

Esquece a actitude paternalista deixando as decisións en mans de moitos. Deste xeito conseguiu mobilizar a unha gran cantidade de votantes e voluntarios.

Ademáis utilizou as novas tecnoloxías, SMS, redes sociais, correos electrónicos... permitindo unha relación directa cos seus votantes.

A linguaxe non verbal



Trasmite aplomo camiñando erguido, cos ombreiros rectos, sereo, pero non engreído nin fachendoso, de cando en vez un sorriso amplo, e cando hai un atril pon as mans a ámbolos lados do mesmo mostrando seguridade.

Domina a voz e a entonación, eleva o ton cando quere enfatizar e baíxao para mostrar des-

aprobación, acelera o ritmo nas repeticións e ralentízao no resto do discurso.

Ademáis engade pausas e silencios conseguindo atraer a atención sobre as ideas que quere resaltar.

Xesticula mentras fala con ademáns suaves pero firmes e ás veces fai signos imaxinarios para ilustrar algunha idea. A súa insistencia en poñer a man no corazón nos momentos claves confírelle sinceridade.

Mira aos ollos. Sempre que acude ao estrado faino aplaudindo a súa audiencia, e cando se dirixe a ela inclínase mostrando respecto.



Alumnos do Obradoiro de Iniciativa Emprendedora 3º ESO

MANDALAS

Unha mandala é unha imaxe cun centro e cunha simetría organizada habitualmente en 4 eixes, os catro puntos cardinais, aínda que poden ser 2,3...

Existen case dende o comezo da humanidade e en todos os continentes.

Os motivos poden ser moi variados: vexetais, animais, xeométricos, abstractos, ornamentais, cotiána...

Se nós queremos construír unha mandala, debemos ter en conta o seu esquema en círculo e catro puntos cardinais.

Aínda que non é unha regra estrita, tamén pode ser a súa base un triángulo, un cadrado, un rombo...

COMO PINTALOS

Buscar un lugar tranquilo, pode ser con música de fondo. É conveniente empezar de fóra cara a dentro ou ao revés. As cores pódense elixir de forma intuitiva, deste xeito poderase describir o estado de ánimo. Tamén cambiando as cores pódese cambiar o estado de ánimo.

OBXECTIVOS DAS MANDALAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

1º Cognoscitivo. - Desenvolver a fluidez, flexibilidade e orixinalidade nas ideas do neno.

2º Afectivo-social. - Desenvolver actitudes creativas fronte a distintas situacións que se lle presenten.

3º Psicomotor. - Favorecer que se exprese de forma creativa co uso de distintas técnicas plásticas.

O éxito da educación lógrase cando os nenos se encontran capacitados para enfocar a vida por si mesmos.

Puíéronse establecer altas correla-

cións entre creatividade e intelixencia.

MANDALAS INFANTÍS COMO ESTIMULO A APRENDIZAXE

Calquera neno é capaz de alcanzar un nivel de rendemento notable se se lle confronta cos estímulos necesarios. As mandalas supoñen un estímulo para calquera aprendizaxe das distintas áreas de Primaria.

MANDALAS INFANTÍS COMO MEDIO DE EXPRESIÓN

A través do debuxo, e a cor, o neno expresa o seu estado de ánimo e as relacións co mundo, dende os primeiros garabatos ás creacións artísticas máis elaboradas desenvolvendo así a súa psicomotricidade e acudando ao desenvolvemento integral do neno.

MANDALAS INFANTÍS COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN

A través da expresión plástica o neno comunícase a través de formas e cores. Comunica a súa interpretación da realidade e proxecta as súas impresións e un mundo interno que necesita compartir cos demais.

MANDALAS INFANTÍS COMO MEDIO DE PRODUCCIÓN

Dende os garabatos, remuíños, esferas ás producións máis elaboradas, o neno evoluciona na súa creatividade produtiva e habilidade psicomotriz.

MANDALAS INFANTÍS COMO TÉCNICA DE RELAJACIÓN

Un neno relaxarase utilizando un tipo de expresión non verbal xa que non saben expresar con palabras os seus sentimentos. A actividade creativa das mandalas nestes nenos tensos, introvertidos e con tendencia ao illamento, é moi útil.

MANDALAS INFANTÍS COMO MEDIO DE SUPERACIÓN DE SITUACIÓNS EMOCIONAIS NEGATIVAS (FOBIAS, ANSIEDADE, TEMORES NOCTURNOS, ACOSOS ESCOLARES, EXPERIENCIAS TRAUMÁTICAS).

Mentes se pinta no subconsciente desaparecen os problemas porque nos encontramos nun estado de relaxación e concentración, os estados emocionais negativos pouco a pouco transfórmanse. Pode ser un medio de autoterapia para o neno.

Teñen un importante valor psicopedagóxico, pode practicarse nas escolas a todos os niveis e dende todas as áreas.

EXEMPLOS DE MANDALAS DE FROITOS DE OUTONO

1º Educación Primaria



As FOTOS DE PETE

Os meninos e meninas da aula de Educação Infantil de cinco anos temos um amigo moi divertido e viajero que se chama Pete.



PETE

Gústalle moito traer
nos fotos das
suas viaxes



Hipopotamo



canguro



Oso pardo



Grua coronada



Em Burgos...
...O Cid Campeador.



Em Santiago
...O Mosteiro
Santiago.

Conheceu a :



Camilo Jose Cela



Pablo
Neruda

Nos estamos encantados,
esperamos seguir recibindo
de sorpresas suas.

LETRAS GALEGAS

Ula o vento, deixando
Xílgaros nas rochas sombrizas,
Ídolos de seixo
Orfos de poetas.

Nos tesos cumes
Ouvea o lobo,
Ventando a morte;
O Courel esváese na mítica
Néboa dos vales, coroza
Eterna dos castiros,
Ínzada de versos de seu
Rimados no silenzo
Anímico dos soutos.



Xurxo, marzo 2010

UXIO NOVO NEIRA



1966



1973



1999



ENTREVISTAS



CONCHITA CORTIZO

1.- Cantos anos levas ensinando Inglés?

Levo corenta e cinco anos de mestra, e trinta e tantos ensinando inglés.

2.- Por que quixo ensinar Inglés e non outra materia?

O meu pai foi o artífice, xa que no ano 64, que foi cando comecei a miña laboura profesional, xa me animou a que fora a clase de inglés, aínda que daquela era unha materia sen expectativa na ensinanza, mais o meu pai é así.

de Montefurado (Quiroga). San Xoán de Muro (Láncara) foi a miña escola definitiva, alí estiven quince anos. En 1983 integraron a escola no Colexio Concepción Arenal, que así se chamaba antes o Ramón Piñeiro. Dende aquela aquí estou.

4.- Estás contenta cos alumnos que tiveches?

Sempre estiven contenta cos meus alumnos, unhas veces máis e outras menos, pero sempre recibín deles un bo trato e sego a recibilo. Manteño con moitos unha relación próxima

3.- En cantos colexios estivo de profesora?

O meu primeiro lugar de traballo foi unha escola preto de Meira, Villarmide, na que estiven dous anos, logo pasei outro ano en Villarmide a carón

xa que moitos fillos deles veñen agora ao noso Colexio, e se non é cos pais é cos nenos.

5.- Algún centro en especial é o teu preferido?

Os centros son máis ou menos todos iguais, o material humano é diferente, polo que sempre estiven rodeada de boa xente, fun unha mestra afortunada.

6.- Neste colexio fixeches amigos entre o resto de profesores?

Como son moi faladora, sempre me relacionei ben cos meus compañeiros e continuo a facelo. Este é un colexio relativamente peque-





9.- Gustaríache volver a ver aos teus compañeiros de traballo?


Tanto aos meus compañeiros coma aos alumnos sigo e seguirei a velos a miúdo, polo menos eso espero.

10.- Estrañarásnos tanto a nós coma ao resto de alumnos e profesores?

Vou botar de menos o meu traballo, xa que

emprego dos espantosos encerrados de madeira pintados de negro, as “antihixiénicas” pizarras e pizarríns ata os ordenadores, pizarras dixitais, vídeos, boas bibliotecas, laboratorios, etc... fan que os nenos teñan unha información moi completa.

Yaiza, Andrea López, Abel, Rubén, Elena, Carlos, César, Manuel R., Silvia (4º ESO).



no e a relación coa xente é moi cercana e cun moi bo ambiente a todos os niveis.

7.- Levas bos recordos tanto de alumnos coma de profesores?

Despois de tantos anos son moitos os recordos por parte de nenos e mestres. Cando non son os meus compañeiros son os pais e nais as que me recordan moitas cousas que xa tiña esquecidas.



8.- Tiveches alumnos que agora teñen carreira?

Como é de supoñer, foron moitos os alumnos/as os que pasaron polas miñas mans. Polo tanto, hai de todo: médicos, enxeñeiros, mestres, avogados, enfermeiras, biólogos... e outros máis que teñen bos traballos. O que si é que foi e segue a ser moi boa xente.

gustoume e gústame moito a miña profesión. Espero cubrir ese espazo con outras afeccións, xa que son moi activa e necesito facer cousas.

11.- Que diferenza atopan no ensino de cando empezaches a traballar a agora?

Moitas, pois os cambios ao longo destes anos foron grandes, Do mestre para todo aos mestres especialistas hai un gran salto. Do




TO CONCHITA

*Gozamos coa túa presenza
Orgullosos de ser os teus alumnos
Oh que recordos nos deixas
Dourada pomba do ensino*

*Loubando o noso traballo
Un días tras outro
Cun sorriso de agasallo
Kitchen, school, file
Yellow, please, smile*

*Transportas alegría, simpatía...
Entusiasmo cada día
Always happy
Come in our heart
Harmoniosa soaba a túa voz...
Escoitabamos nós o Mago de Oz
Remember our good moments...*



ALUMNOS/AS DE 6º DE PRIMARIA



JOSE MANUEL BANDE



1.- Por que te xubilas tan novo?

Non son tan novo como vosoutros me vedes, xa levo moito rulando.

2.- Que fas cando chegas a casa despois do traballo?

Normalmente vou tomar café e falar cos amigos, leo e vexo documentais de animais, tamén amaño algunhas cousas particulares.

3.- Canto tempo levas no colexio?

Neste colexio levo trinta anos.

4.- Cales son as cousas que che gustan dos alumnos?

A responsabilidade, a nobleza e o compañerismo, entre outras...

5.- Que pensas facer despois de xubilarte?

Viaxar e facer navegación a vela, xa que é o meu pasatempo favorito.

6.- Por que elexiches ser mestre?

Primeiro porque esa era a única cousa que se podía estudar en Lugo e tamén que me gustaba traballar cos nenos.

7.- En cales colexios estiveches?

O primeiro colexio foi o de Becerreá, despois estiven en Guitiriz, Paradela, Busmullán e Bóveda. O resto do tempo paseino neste.

8.- Cal foi o que máis che gustou?

Eso xa nin pensalo, no Ramón Piñeiro.

9.- Cres que deixaches moitos recordos no colexio?

Eso non me corresponde a min dicilo, todo o que fixen foi de boa fé, algunhas cousas estarían ben e outras non tanto.

10.- En que máis traballaches?

Empecei moi noviño axudando na casa, logo fixemos unha granxa, tamén andaba respartindo materiais e atendendo a un almacén de materiais de construción que tiña o meu pai. Todo esto alternando cos estudos de maxisterio.

11.- Que diferenzas atopan no ensino de cando empezaron a traballar ata agora?

Hoxe en día hai moitísimos máis medios na enseñanza. Os medios audiovisuais e dixitais está á orde do día.

Tiffany, Rayko, Manuel L., Pablo, Adrián P., Adrián Capón, Andrea.

ENTREVISTA A LUZ,

TRABALLADORA DA GRANXA ARQUEIXAL

Durante a excursión do Proxecto Interdisciplinar do 24 de marzo, un grupo de alumnos de 1º de E.S.O., chamados os Berenxenas, aproveitaron a visita a Arqueixal para facer unha entrevista a Luz, traballadora e nora dos fundadores da queixería Arqueixal.

P: Como se vos ocorreu a idea de fabricar produtos ecolóxicos? Canto tempo levades traballando na granxa?

R: Porque queríamos facer alimentos sans e respectuosos co medio ambiente. A queixería leva funcionando 20 anos pero a reconversión á produción ecolóxica fixémosla no 2002.

P: ¿En que se diferencia o coidado das vacas nunha granxa normal e nunha ecolóxica?

R: Na ecolóxica non se utilizan praguicidas, herbicidas nin abonos minerais. As vacas teñen unha alimentación natural e teñen unha vida sen estrés, pois saen a pacer e dentro da granxa teñen espazo para moverse, cousa que non sucede en moitas granxas convencionais.

P: Cantas vacas tedes? Cal é vosa media de produción de leite por vaca? Cantas hectáreas tedes en total?

R: Temos 30 vacas en produción e 15 becerros. A media de produción de cada vaca é de 5800 l ao ano. En canto ás hectáreas, temos 27.

P: Como munxides as vacas? Canto leite sacades en cada munguidura?

R: Munxímolas dúas veces ao día na sala de munxido, con munxidoras automáticas. Sacamos uns 250 l en cada munguidura.



P: Botádelas a pacer?

R: Sí, tódolos días. Como dixen antes, na gandería ecolóxica as vacas teñen unha alimentación natural e unha vida sen estrés, por iso van pacer diariamente.

P: Canto penso lles dades? Que lles metedes na ración? Como facedes as racións, con carro ou manualmente?

R: Dámoslles uns 3 Kg de penso ecolóxico. Na ración levan pasto, herba seca, silo, e silo de millo. As racións facémolas manualmente.

P: Supoñemos que os problemas sanitarios son os mesmos que nunha granxa convencional. Neste caso, recortádelles moitas veces as unllas? Mórrenvos moitas? Que facedes con elas cando morren? Tedes problemas de mamitis?

R: Nunha granxa convencional hai moitos e na ecolóxica poucos. As unllas practicamente non llas hai que recortar, xa que saen fóra a diario. (Os problemas de unllas aparecen cando as vacas están sempre pisando sobre cemento). Non morren moitas. Cando morren lévaas un camión, como ás normais.

De mamitis temos moi poucos problemas porque estas vacas non producen demasiado leite. Canto máis intensivamente produce unha vaca durante a súa vida, máis problemas de mamitis terá.

P: Paren tódolos anos? Tedes moitas baixas nos partos?

R: Sí, paren tódolos anos, pero temos poucas baixas.

P: Que facedes cos becerros, cebádelos ou vendédelos pequenos?

R: Os machos véndense pequenos e as femias críanse.

P: Que facedes cos puríns?

R: Déixanse fermentar e despois bótanse nas praderías da explotación, cando as condicións son favorables, e sempre controlando que non estean moi concentrados para non contaminar.

P: Gústavos traballar na granxa? Cantas horas traballades ao día?

R: Sí, gústanos traballar aquí, e traballamos unhas 9 horas ao día.

P: Por que razón non vos dedicades só ao leite e tamén fabricades iogur e queixo?

R: Por tradición familiar, e por sacar un maior rendimento ao leite.



P: Obtedes máis beneficios que se os produtos non foran ecolóxicos?

R: Sí, os produtos ecolóxicos véndense a mellor prezo e dan maior beneficio.

Aquí vemos os lácteos producidos na granxa, así como o envase rebotable do leite

P: Canto beneficio lle sacades a cada litro de leite comparando co que lle pagan a calquera explotación que produza para vender a unha empresa leiteira?

R: O feito de que o leite sexa ecolóxico e ademais o vendamos transformado, fai que o prezo se multiplique por 2,5 veces con respecto ao prezo dun litro de leite normal e sen transformar. Lóxicamente transformalo en queixo ou iogur tamén ten uns costes, pero segue compensando transformalo e produci-lo ecolóxico.

P: Por que facedes os envases de leite e de iogur en vidro?

R: Porque é un envase máis natural, que conserva mellor os produtos. Ademais é facilmente reciclable e tamén reutilizable, xa que a xente que o merca devólveo baleiro e nós descontámoslles uns céntimos polo envase.

P: Cantos queixos e iogures facedes por día? Canto leite se necesita para facer un queixo de 1 Kg?

R: Facemos uns 100 queixos ao día e uns 40 iogures (de 400 ou 700 g) ao día. Necesítanse 10 l de leite para facer un queixo de 1 kg.

P: En que lugares se atopan a vender os vossos produtos?

R: En tendas especializadas en produtos ecolóxicos, como A Cova da Terra, en Lugo, e tamén no Corte Inglés e no Eroski.

P: Que é o ecoagroturismo? En que se diferencia do turismo rural?

R: É unha modalidade de turismo rural onde hai actividades gandeiras e agrícolas ecolóxicas. O turismo rural convencional só ofrece aloxamento, pero no agroturismo os tursistas participan nas actividades agrícolas, como a recollida de patacas, a malla, o coidado dos animais...

P: Por que decidíchedes montar as casas de turismo, non vos chegaba coa granxa e a fábrica de queixo e iogur?

R: Porque é unha actividade complementaria, é dicir, outra fonte de ingresos, e ademais recupéranse casas abandonadas.



Aquí vemos varias das instalacións e actividades do ecoagroturismo.

P: Que tipo de actividades ofrecedes aos turistas? Tedes moitos? De onde proceden?

R: As actividades que ofrecemos son roteiros de sendeirismo, elaboración de queixo e iogur, coidado das vacas, a malla, a sega... Dende que puxemos a funcionar as casas, no verán pasado, case tódolos fins de semán e pontes estivo cheo. Os turistas veñen sobre todo de Galicia, Madrid, Andalucía, Cataluña, Euskadi... Para esta Semana Santa veñen de Bilbao, Barcelona e A Coruña.

P: Cantos postos de traballo tedes en total, entre granxa, fábrica e casas de turismo?

R: Temos 8 postos de traballo en total.

P: Estadades satisfeitos co voso traballo e forma de vida? Credes que se vive igual, mellor ou peor que nunha cidade?

R: Estamos moi contentos coa nosa forma de vida, e pola valoración que fai a xente dos nosos produtos e das nosas instalacións. Nós cremos que hai mellor calidade de vida no rural, máis tranquilidade e os alimentos son máis sans. Ademais demostramos que aquí se pode vivir dignamente e hai futuro e traballo para moita xente.



ENTREVISTA A MARTA, FUNDADORA DA GRANXA MARUXA

Durante a visita dos alumnos de Proxecto Interdisciplinar de 1º de E.S.O., un grupiño deles, os *Amorodos*, aproveitamos para facerlle unha entrevista a Marta, a fundadora da granxa.

P: Por que deixaches de vivir en Vigo e te viñeches a traballar nunha granxa de vacas? Dende cando levas traballando aquí? Por que unha granxa ecolóxica?

R: Levo dez anos aquí, dende o 2000. Viñen a Lugo a rematar a carreira de empresariais, pois me quedaban dúas asignaturas. Como meus pais tiñan casa aquí, pasaba tódolos días por diante da nosa granxa, que estaba arrendada naquel momento. Un día cruceime coas vacas que viñan de pacer e pensei que como me gustaba o campo, e o contrato de arrendamento estaba a piques de rematar, podía facerme eu cargo da granxa.

Reconvertín a granxa á gandería ecolóxica porque estou totalmente en contra do uso de pesticidas, herbicidas, transxénicos... que perxudican moito ao medio ambiente e á saúde das persoas.

P: Levas tí soa a granxa e a fábrica, ou tes socios? Cantos empregados hai en total?

R: Aínda que os primeiros anos estiven eu soa, agora somos dúas socias e tres empregados, é dicir, 5 traballadores en total.



Nestas fotos podemos ver distintos lugares da granxa: a tenda, a Marta falándonos na nave onde gardan a maquinaria e teñen unha exposición de fotos. Tamén vemos á dereita a corte onde están as becerras, que tamén está decorada.

P: Como se vos ocorreu a decoración da granxa?

R: Pois foi na época en que eu estaba aquí soa e traballaba sen parar, non podía saír de aquí. Así que foi para darlle un mellor aspecto e traballar nun entorno máis alegre e agradable para min e para a xente que me viña visitar. E porque sempre me deu moita pena o aspecto de abandono estético que teñen a maioría das granxas.

Agora teño en mente o proxecto "Arte na corte", de montar exposicións de arte na granxa e tamén unha cafetería. Todo isto pode axudar a darlle máis vida e dignidade ao noso entorno rural.

P: Cantas vacas tedes? Cal é vosa media de produción de leite por vaca? Cantas hectáreas tedes en total?

R: Temos 55 en total, 25 en ordeño, e as outras son becerras ou vacas a punto de parir. Cada vaca produce entre 20 e 22 l diarios. Temos 20 hectáreas en propiedade e 5 arrendadas.

P: ¿En que se diferencia o coidado das vacas nunha granxa normal e nunha ecolóxica?

R: Na alimentación, que é natural, e na forma de vida das vacas. Pastan libres tódolos días, e dispoñen de moito espazo, de xeito que non viven estresadas nun espazo reducido como en moitas granxas intensivas. Ademais sacámoslles menos leite.

P: Usades moitos antibióticos para as vacas? Usades nitramón ou fertimón?

R: Non usamos apenas antibióticos. O máximo permitido polo C.R.A.E.GA. (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia) é de 3 ao ano, e só se hai enfermidade, non como nalgunhas granxas intensivas, onde hai un abuso dos antibióticos, que xa se lles administran de forma preventiva. Nós nin sequera necesitamos na maior parte dos casos recurrir a esas 3 doses anuais.

Non usamos nitramón nin fertimón porque as normas da agricultura ecolóxica non o permiten, xa que produce un crecemento moi rápido da herba porque acumula moita auga nos tecidos, non porque sexa herba de mellor calidade. Ademais causan problemas de contaminación das augas e da terra. Usamos abono ecolóxico granulado, procedente de restos orgánicos, amais dos nosos puríns.

P: Por que lle poñedes música ás vacas?

R: Porque as relaxa moito e hai estudos que indican que producen máis leite debido ao seu maior benestar.

P: Canto beneficio lle sacades a cada litro de leite comparando co que lle pagan a calquera explotación que produza para vender a unha empresa leiteira?

R: Aínda no sabemos a cifra exacta, porque levamos mes e pico vendendo as galletas, pero temos moi claro que calquera produto transformado sempre está moito mellor pagado que o leite.

P: Como munxides as vacas? Canto leite sacades en cada munguidura?

R: Con máquinas, na sala de munxir.



Aquí vemos unha sala onde comen as vacas que taén está decorada con fotos e na que lles poñen música. Á dereita, a sala de ordeño.

P: Botádelas a pacer?

R: Sí, tódolos días.

P: Canto penso lles dades? Que lles metedes na ración? Como facedes as racións, con carro ou manualmente?

R: Sobre 5 kg de penso ecolóxico ao día. Na ración tamén levan silo, aparte da herba fresca do prado. As racións facémolas manualmente. Eu persoalmente estou en contra de darlles a ración con carro mezclador (onde se lle xunta todo: silo, penso, e dásele nunha única vez ao día), xa que os ruminantes deben cortar a herba no prado e comer e dixerir lentamente. Xa sei que así non producen tanto leite, pero afórranse problemas dixestivos.

P: Supoñemos que os problemas sanitarios son os mesmos que nunha granxa convencional. Neste caso, recortádelles moitas veces as unllas? Mórrenvos moitas? Que facedes con elas cando morren? Tedes problemas de mamitis?

R: Non, as vacas ecolóxicas teñen menos problemas sanitarios. Non lle temos que cortar as unllas porque as liman contra as pedras, xa que están por fóra tódolos días. Apenas hai problemas de mamitis porque como se lle quita menos leite, teñen menos “esfuerzo” e moitas menos probabilidades de ter mamitis que nunha granxa convencional.

P: Paren tódolos anos? Tedes moitas baixas nos partos?

R: Practicamente paren tódolos anos. Eu xa levo asistido a 50 partos e apenas hai problemas para que as vacas pairan soas, xa que ao andar ceives teñen a musculatura fortalecida e non teñen problemas para botar fóra o becerro. En todo este tempo non tiveron nin unha soa cesárea. Aínda que a gandería ecolóxica sí permite acelerar o parto tirando polo becerro con cordas, eu estou en contra e deixo que as vacas pairan soas. Tardan máis, pero sufren menos e non teñen desgarras que logo dan problemas á hora de empenñar de novo.

Temos moi poucas baixas nos partos.

P: Que facedes cos puríns?

R: Producimos pouco purín porque as vacas case sempre están no prado. Este botámolo nos prados, pero sempre controlando a cantidade axeitada para que non haxa exceso de nitratos que cause problemas de contaminación. Para iso temos un calendario de pastoreo onde imos anotando as cantidades que botamos, días que van pastar, kg de abono ecolóxico botado, etc. Ademais anualmente analizamos o solo.

P: Vendedes ben as galletas? A canto as vendedes? Onde se poden mercar?

R: Sí, véndense moi ben, a 4 a caixa e 6 euros a bolsa. Pódense mercar na propia granxa, en Lugo, (A Cova da Terra), Lalín, Melide, Arzúa, Santiago, Ferrol, Vigo, A Coruña, Barcelona...

P: Por que se vos ocorreu facer galletas e non outro produto?

R: Porque me lembraba das galletas que facía as avoas cando era pequena, gardando a nata do leite, e do ricas que estaban. E vin que en ningún sitio de Galicia se facían nin se vendían ese tipo de galletas. E porque só de vender leite non se pode vivir, xa que o litro está moi mal pagado. Penso que hai que diversificar as actividades, que vivir de varias cousas é máis seguro que vivir só dunha.

P: Que ingredientes lles botades ás galletas a parte da nata? Tamén son ecolóxicos? De onde veñen?

R: As galletas só levan nata, fariña e azucre. A fariña ven de Albacete e o azucre de Paraguay, e ambos ingredientes son tamén de agricultura ecolóxica.




P: Gústavos traballar na granxa e na fábrica? Cantas horas traballades ao día? *-Aquí vemos a fábrica de galletas| a des por dentro e por fóra.*

R: Sí, moito. O número de horas é variable, ás veces 8 e ás veces 10 horas ou máis.

P: Estadades satisfeitos co voso traballo e forma de vida? Credes que se vive igual, mellor ou peor que nunha cidade?

R: Moitísimo. Creo que se vive mellor aquí, no campo, con máis tranquilidade e de forma máis saudable. A pesar de tódalas dificultades que pasei, agora vexo o resultado do meu esforzo iso é unha satisfacción enorme. Ademais o campo necesita que a xente xoven se quede a vivir aquí. Por iso me gusta que veñades a visitarme para que vexades que é posible vivir no rural producindo alimentos sans e ecolóxicos e con ideas orixinais. E que cando se quere algo e un insiste moito, pódese conseguir, pero sen esforzo non se consegue nada.



ENTREVISTA A CARMELA, SOCIA DA COOPERATIVA MILHULLOA



Durante a excursión do Proxecto Interdisciplinar, os *Cabazas*, un grupo de alumnos de 1º de E.S.O., aproveitaron para facer unha entrevista a Carmela, unha das tres socias de Milhulloa.

P: De quen foi a idea de montar a cooperativa? Cantos anos levades con ela?

R: De Carmela, Patricia e Chus. Levamos 9 anos con ela, dende o 2001.

P: Por que sodes unha cooperativa e non unha empresa?

R: Porque non hai ningún xefe, hai tres persoas traballando e participando por igual e repartindo os beneficios a partes iguais.

P: Cantas persoas hai traballando aquí? Que tipo de formación tedes?

R: Como xa dixemos, somos tres: Chus é farmacéutica, Patricia é perita agrónoma e Carmela é bióloga.

P: Por que decidíchedes facer agricultura ecolóxica?

R: Por dous motivos: por un lado, o medio ambiente xa está moi deteriorado, e polo outro, como queriamos facer produtos a base de prantas medicinais, para mellorar a saúde das persoas, sabemos que os cultivos ecolóxicos producen prantas máis sans, libres de residuos químicos.

P: Que facedes durante unha xornada de traballo?

R: Pois depende moito da estación do ano. Agora estamos indo co tractor a preparar os cultivos. No verán é a época de recolectar a maior parte de prantas. No inverno adicámonos máis ao grelo. Noutras épocas nos dedicamos a extraer os aceites esenciais das prantas no laboratorio, a envasar as herbas secas para infusións... Outros días imos a dar charlas para informar ás persoas, facemos obradoiros en colexios... Facemos actividades moi variadas.



Aquí vemos a Chus no laboratorio, onde ademais de destilar os aceites esenciais tamen envasan as prantas secas para infusión.

P: Cantos tipos de herbas medicinais cultivades? Que fins curativos teñen?

R: As principais son as seguintes:

-Artemisa: é relaxante.

-Caléndula: Ten propiedades dermatolóxicas. Bebida en infusión aumenta o número de glóbulos vermellos e alivia a dor de estómago.

-Llantén: É boa para tratar as infeccións de vías respiratorias e urinarias.

-Melisa: É relaxante, e boa para a hipertensión e dor de cabeza.

-Menta piperita: Para tratar as bronquites, de propiedades antitusivas e expectorantes. Tamén alivia a dor de cabeza.

-Ourego: Bo para os catarros, tos seca, bronquite e resfriado.

-Salvia ou Xarxa: Serve para diminuir os niveis altos de azucre no sangue e a hipertensión.

-Milenrama: Serve para facilitar a digestión, aliviar as dores menstruais e contra o acné.

P: Elaborades medicamentos coas prantas medicinais? A quen llas vendedes?

R: Non elaboramos medicamentos convencionais, pero sí infusións con fins curativos e aceites de aplicar na pel con distintos efectos sobre a saúde: hidratante, cicatrizante, antiinflamatorio, antifúnxico...



Aquí vemos as infusións en frasco de vidro e bolsa de plástico, e os frascos de aceites esenciais.

Os nosos produtos vendémolos en tendas especializadas en produtos ecolóxicos, como A Cova da Terra, (Lugo), en herboristerías, no Balneario de Pambre, (aquí preto) tendas de alimentación, cooperativas de consumo, en Milhulloa, e a moitas cafeterías para que poñan as infusións nas súas cartas.

P: Cultivades só prantas medicinais ou tamén para condimentos, xardíns...?

R: Tamén cultivamos en envasamos aromáticas para condimentar as comidas, como tomelo, ourego, romeu, albahaca, loureiro, pirixel... E tamén vendemos estas mesmas prantas para a xente que as quere poñer nos seus hortos ou xardíns.



Nesta foto vemos as prantas que comercializan como condimento para as comidas: ourego, tomelo, romeu, albahaca, pirixel...E na foto da dereita vemos os campos onde cultvan e ao fondo o pequeno invernadoiro de xerminación.

P: Tedes invernadoiros?

R: Sí, un pequeno, que só o usamos para a xerminación das prantas.

P: Tedes problemas de pragas? Nese caso, que técnicas usades para previlas ou para combatilas?

R: Non temos problemas de pragas, xa que moitas destas prantas soltan substancias que repelen aos in-

sectos, e porque as pragas adoitan aparecer en macrocultivos de unha soa especie, e nós temos cultivos pequenos de varias especies intercaladas.

P: Por que cultivades grelos?

R: Porque é unha hortaliza propia galega con moita demanda, e que ten éxito e véndese ben, dentro e fóra de Galicia, e ao estar deshidratado o transporte costa menos.

P: Como deshidratades os grelos? A que prezo os vendedes?

R: Deshidratámoslos na cámara de secado. Vendémolo a un prezo de entre 3 e 4 euros.



Aquí vemos os grelos deshidratados, que son un produto que está tendo moito éxito.

P: Utilizades abono ecolóxico? Facedes o voso propio compost?

R: Sí, agricultura ecolóxica non permite abonar con abonos minerais (nitramón, fertimón...), así que nós facemos o noso propio compost.

P: Gústavos traballar aquí? Cantas horas traballades ao día?

R: Sí, por iso levamos case 10 anos, a pesar de tódalas dificultades. Traballamos de 8 a 10 horas diarias e a fin de semán descansamos.

P: Estadades satisfeitas co voso traballo e forma de vida? Credes que se vive igual, mellor ou peor que nunha cidade?

R: Sí, porque é un traballo creativo, flexible e moi variado. Ademáis gústanos que se valore o noso traballo a través dos distintos premios que nos deron. Cremos que se vive mellor aquí que nunha cidade.

P: Gústavos que os rapaces se interesen por isto?


R: Sí, por varios motivos: Primeiro, porque así contribuímos a difundir e recuperar o uso das prantas medicinais. O segundo é que podades ver como no rural se pode vivir facendo cousas innovadoras e sendo emprendedores. E en terceiro lugar, para que vexades que cando alguén quere algo e insiste acábao conseguindo, pero sen esforzo non se consegue nada.

ENTREVISTA AOS PATRULLEIROS MEDIOAMBIENTAIS

Este ano os patrulleiros son os alumnos de 4º (Patrulla Verde) e 5º (Patrulla Laranxa).

PATRULLA VERDE

Son algúns alumnos voluntarios de 4º de Primaria, que se encargan de facilitarnos a todos a reciclaxe dos envases de plástico, latas e briks. Eles baleiran as papeleiras cos carteis amarelos nos contedores amarelos. Fano dúas veces á semana, luns e xoves. Divídense por grupos e fano no comedor, nos pasillos de arriba e de abaixo, e na sala de profesores.



Ademais tamén baleiran os restos orgánicos dos caldeiros verdes na composteira . Tamén se encargan das papeleiras do patio.

Hai uns días fixémoslles unha entrevista e isto foi o que nos contaron:

Por que vos apuntastes á Patrulla Verde?

- Porque se recicla pódese contaminar menos.
- Para axudar e facer ben ao medio ambiente.
- Para coidar a natureza.
- E para estar cos amigos.

¿Qué é o que máis vos gusta de patrullar?


- Pois facelo en grupo, estar cos amigos.
- Saber que grazas a nós se pode reciclar.
- Ver o colexio un pouco máis limpo.



-Saber que estamos axudando á natureza,
e que a xente o vexa.



RESIDUOS **ORGÁNICOS** PARA A COMPOSTEIRA



¿Qué é o que menos vos gusta de patrullar?

- Que haxa que facelo no recreo.
- Que a xente separe mal os residuos e nós teñamos que separalos logo. Ás veces tiran restos de comida mesturados cos envases (sobre todo nas papeleiras de fóra, que antes tiñan uns carteis amarelos e desapareceron), e logo nós o temos que separar.
- Ir cando está chovendo.
- Que nos “ataquen” os mosquitos na composteira.
- Que ás veces algúns se poñen a xogar coas bolsas mentres outros traballamos.
- Que ás veces nos insultamos entre nós.

¿Sabedes a onde van os residuos seleccionados dos contedores amarelos?

Sí, ás fábricas de reciclaxe. Alí tritúranse (no caso dos briks) ou fúndense (no caso das latas e dos plásticos) e fábrícanse obxectos novos.

¿E que obxectos son eses que se poden fabricar grazas á reciclaxe dos plásticos, latas e briks?

- Pois cos briks pódense facer bolígrafos como os que nos regalaron por estar na Patrulla.
- Co cartón dos briks pódese facer carpetas.
- Coas latas pódense facer llantas de bicicleta.
- Coas botellas de auga pódese facer forros polares.
- A partir dos envases de plástico fábrícanse papeleiras, contedores...

¿E que pasa cos restos orgánicos que van á composteira?

Pois que se van descompoñendo e dentro duns meses serán compost, un abono moi bo para o noso horto.

¿Sabedes a onde vai ese mesmo lixo se non o separamos e o botamos no contedor verde?

- Non se pode reciclar porque está todo mesturado.
- Lévase a unha incineradora onde se queima.

¿E para rematar, sabedes por que isto non é bo?

- Porque se non se recicla, contámínase máis (ao queimar o lixo).
- Porque non se recuperan os materiais para fabricar novos obxectos.
- Porque se gasta moita máis enerxía para fabricar un obxecto novo que reciclado, e con iso aumentáanse as emisións de CO₂ e o cambio climático.

-Temos abono orgánico para as fincas. Con isto diminuíría o risco de erosión e desertización que afecta a unha gran porcentaxe dos solos fértiles de España.

-Se non se fai nunha fábrica, tamén se pode facer facilmente en cada casa cunha composteira.

POLO TANTO, COMPROBAMOS QUE O LABOR DESTES PATRULLEIROS É IMPORTANTÍSIMA, XA QUE SEN ELES NON PODERÍAMOS RECICLAR OS ENVASES LIXEIROS NIN A MATERIA ORGÁNICA.

¡POR ISO LLES DAMOS AS GRAZAS EN NOME DE TODO O COLEXIO!

PATRULLA LARANXA

Son algúns alumnos voluntarios de 5º de Primaria que se encargan de que todo o papel e cartón que separamos no colexio chegue ao contedor azul e polo tanto se poida reciclar. Para iso divídense en grupos e baleiran as caixas do comedor, da sala de profesores, da conserxería, do pasillo principal de arriba e de abaixo, e dos pasillos de Infantil, Primaria e Secundaria.

Tamén a eles lles fixemos unha entrevista, e obtivemos as seguintes respostas:

¿Por que vos apuntastes á Patrulla Laranxa?

- Porque nos gusta axudar ao medio ambiente.
- Porque nos gusta coidar a natureza.
- Porque xa levamos dous anos de experiencia.
- Porque así non está tan sucio o patio do recreo.

¿Qué é o que máis vos gusta de patrullar?

- Gústame axudar para un mundo mellor.
- Se separamos o lixo facemos as tres erres.
- Gústame saber que non fago a patrulla para ser basureira, senón para axudar ao medio ambiente.
- Síntome libre de non ser un contaminador, non como outros.
- Que colaboramos e mantemos a escola limpa.

¿Qué é o que menos vos gusta de patrullar?

- Que moitas persoas non toman isto en serio e andan a tirando cousas detrás, ríndose de nós, chamándonos basureiros...
- Que algunha xente tiran cousas que non deben nas caixas do cartón: mondas, chicles, bolas de papel albal, chinchetas, cartuchos de impresora...

-Que na caixa de papel do comedor da ESO botaron croquetas, froita, pan, cartóns con leite dentro, e iso da moito asco separalo. Por iso solicitamos que nos merquedes uns guantes.

-Que hai algunha xente que está na patrulla pero non o toma en serio, porque se despistan ou fan o parvo, e así os outros cargan con máis traballo.

¿Credes que os vosos compañeiros colaboran?

En xeral, si, sobre todo os de Primaria, e os de Infantil moitísimo.



-Temos abono orgánico para as fincas. Con isto diminuíría o risco de erosión e desertización que afecta a unha gran porcentaxe dos solos fértiles de España.

-Se non se fai nunha fábrica, tamén se pode facer facilmente en cada casa cunha composteira.

POLO TANTO, COMPROBAMOS QUE O LABOR DESTES PATRULLEIROS É IMPORTANTÍSIMA, XA QUE SEN ELES NON PODERÍAMOS RECICLAR OS ENVASES LIXEIROS NIN A MATERIA ORGÁNICA.

¡POR ISO LLES DAMOS AS GRAZAS EN NOME DE TODO O COLEXIO!

PATRULLA LARANXA

Son algúns alumnos voluntarios de 5º de Primaria que se encargan de que todo o papel e cartón que separamos no colexio chegue ao contedor azul e polo tanto se poida reciclar. Para iso divídense en grupos e baleiran as caixas do comedor, da sala de profesores, da conserxería, do pasillo principal de arriba e de abaixo, e dos pasillos de Infantil, Primaria e Secundaria.

Tamén a eles lles fixemos unha entrevista, e obtivemos as seguintes respostas:

¿Por que vos apuntastes á Patrulla Laranxa?

- Porque nos gusta axudar ao medio ambiente.
- Porque nos gusta coidar a natureza.
- Porque xa levamos dous anos de experiencia.
- Porque así non está tan sucio o patio do recreo.

¿Qué é o que máis vos gusta de patrullar?

- Gústame axudar para un mundo mellor.
- Se separamos o lixo facemos as tres erres.
- Gústame saber que non fago a patrulla para ser basureira, senón para axudar ao medio ambiente.
- Síntome libre de non ser un contaminador, non como outros.
- Que colaboramos e mantemos a escola limpa.

¿Qué é o que menos vos gusta de patrullar?

- Que moitas persoas non toman isto en serio e andan a tirando cousas detrás, ríndose de nós, chamándonos basureiros...
- Que algunha xente tiran cousas que non deben nas caixas do cartón: mondas, chicles, bolas de papel albal, chinchetas, cartuchos de impresora...

-Que na caixa de papel do comedor da ESO botaron croquetas, froita, pan, cartóns con leite dentro, e iso da moito asco separalo. Por iso solicitamos que nos merquedes uns guantes.

-Que hai algunha xente que está na patrulla pero non o toma en serio, porque se despistan ou fan o parvo, e así os outros cargan con máis traballo.

¿Credes que os vosos compañeiros colaboran?

En xeral, si, sobre todo os de Primaria, e os de Infantil moitísimo.

¿Sabedes a onde vai o papel e cartón que vós botades no contedor azul?



Sí, á unha fábrica de reciclaxe, onde se tritura, se fai unha pasta con el e fábricase papel de novo.

¿E sabes que se pode fabricar con ese papel reciclado?

Sí, libretas como as que nos regalaron por estar na patrulla, folios, carpetas, caixas, xornais, papel hixiénico, servilletas, pañuelos...




¿Vós xa reciclades nas vosas casas antes de facelo aquí?

- Sí, na miña casa temos catro caldeiros diferentes para o lixo.
- Sí, na nosa casa, ata a cadela leva os papeis e cartóns ao caldeiro da reciclaxe!
- Sí, e eu unha vez fixen un lapiseiro cunha botella de auga decorada por min!
- Sí, aínda que ás veces é un rollo porque non hai contedores cerca.

¿Sabedes que pasa co papel e cartón que non separamos e botamos no contedor verde?



- Pois que non se reciclará, porque habería que separalo a man.
- Que xa non se pode separar nin reciclar porque se manchou cos restos de comida.
- Que se leva a unha incineradora onde o queiman.




¿E por último, sabes por que isto non é bo?

- Porque se non se recicla o cartón e o papel, hai que cortar máis árbores.
- Porque se queima nunha incineradora, e contamina a atmosfera.
- Porque é un material que se desaproveita.
- Porque para fabricar papel reciclado gástase menos auga e menos enerxía (e por tanto

menos CO₂ vai á atmosfera) que se se fabrica a partir de novas árbores.

Para fabricar una tonelada de papel	Materia prima kg m ³ árbores madera	Consumo de agua litros	Consumo de energia Kw/h Tep	Generación de residuos Kg
Papel de fibra virgen, pasta química	 3,5 m ³ 14 árbores 2.300 kg	 15 m ³	 9.600 kw/h 0,4 tep	 1.500 kg
Papel reciclado	 1.250-1.400 kg papel usado	 8 m ³	 3.600 kw/h 0,15 tep	 100 kg



RAZÓNS PARA ANIMARSE A RECICLAR PAPEL E CARTÓN

- ❖ Por cada quilo de papel e cartón que os consumidores recollen para reciclar, evitan a emisión en vertedoiro de 900 gramos de CO₂, (principal gas responsable do cambio climático).
- ❖ A reciclaxe de papel e cartón axuda a reducir a tala de árbores e o gran impacto ambiental da súa fabricación: reduce nun 74% a contaminación do aire e nun 35% a de auga.
- ❖ Por cada 133 toneladas de papel que se reciclan afórrase en vertedoiro un espazo equivalente a unha piscina olímpica chea ata arriba.
- ❖ En España xa se recicla o 70% dos envases de papel e cartón.



POLO TANTO COMPROBAMOS QUE O LABOR DESTES PATRULLEIROS É IMPORTANTÍSIMO, XA QUE SEN ELES NON PODERIAMOS RECICLAR PAPEL E CARTÓN.

ASÍ QUE DEBEN SENTIRSE ORGULLOSOS DO QUE FAN.

E OS QUE SE BURLAN DELES DEBERÍAN AVERGONZARSE DE NON RECICLAR.

¡POR ISO LLES DAMOS AS GRAZAS EN NOME DE TODO O COLEXIO!

VIAXES



VISITA ÓS MUSEOS CIENTÍFICOS DA CORUÑA

O xoves 11 de febreiro, os alumnos de 1º de ESO e os de 4º que cursamos Bioloxía e Física, fixemos unha viaxe á Coruña para coñecer os tres museos científicos.


Comezámola nosa visita no Acuario, onde puidemos ver distintas especies mariñas entre as cales estaban rodaballos, ollomoles, raias, tiburóns. Na zona exterior, a pesar do frío e ventoso que estaba o día, observamos as focas durante un tempo, aínda que non foi posible ver o seu xantar, xa que non parecían ter moita fame.

De novo no interior do acuario, visitamos unha exposición titulada Farmacéuticos, na cal aprendemos que hai moitas especies mariñas das que obtemos medicamentos moi útiles. Vimos o proceso que hai que seguir para obter un fármaco dende o organismo vivo do cal procede. Algas, corais, medusas, esponxas, caracois


de
sustancias
medicamentosas.

todos eles se teñen sacado
que se empregan para curar enfer-
midades.

A continuación tiñamos cita co Planetario da Casa das Ciencias. Alí vimos unha proxección titulada Evolución, onde nos falamos de como naceu o Universo, do big bang, de como se formaron as nebulosas, as estrelas e os planetas e de como apareceu a vida e a súa evolución. Aprendemos tamén aspectos das supernovas e os buratos negros e que as cousas no Universo



non permanecen inmutables.



Na sala adicada a experimentos argallamos un pouco en algún deles: as ondas, a descomposición da luz, a campá de Gauss Pero xa era hora de xantar e para iso trasladámonos ata a Domus.

Alí tomamos bocatas, froita, refrescos e a continuación tivemos tempo libre para argallar nos diferentes temas que hai nas salas de exposicións. Vimos como se pode mover unha boliña co poder da mente, como se pode medir a masa corporal en kg de auga, kg de graxa, kg de ósos ; como se pode medir a potencia con que lanzamos un balón

Para rematar, asistimos a unha proxección en 3D que tratou sobre as especies animais que viviron nos mares primitivos.



ALFONSO M. MARTÍNEZ FERNÁNDEZ 4º ESO

EXCURSIÓN ÁS GRANXAS ECOLÓXICAS DA COMARCA DA ULLOA

Andrea Armada Fernández
Rayko Ayán Vilar
Adrián Capón Macía
Tiffany Santana Seijido.



O día 24 de marzo, mércores, os alumnos e alumnas de 1º de E.S.O. fomos de excursión a tres granxas: Milhulloa, Granxa Maruxa e Arqueixal. Esta excursión é do Proxecto Interdisciplinar, para que vísemos distintos exemplos de agricultura e gandería ecolóxicas cerca de nós, e lles fixésemos unha entrevista a estes labregos/gandeiros-empresarios.

Primeiro fomos a **Milhulloa**, no concello de Palas de Rei. Carmela ensinounos a fábrica e contornos que alí dedicábanse a cultivar de forma ecolóxica prantas medicinais e grelos deshidratados. Tiñan unha oficina, un laboratorio, unha cámara para secar as plantas, unha sala de almacenaxe e outra sala na que un grupo de alumnos (os *cabazas*) lles fixeron varias preguntas e déronnos a probar unha infusión relaxante. Ao terminar as preguntas ensináronnos varios tipos de herbas para infusións e uns frascos con distintos tipos de aceites esenciais para tratar distintos problemas de saúde.



Aquí está Carmela ensinándonos os grelos, as infusións e os aceites esenciais.

Este é o laboratorio, onde destilan os aceites que extraen das prantas e tamén envasan os produtos.



Aquí estamos os de 1º facendo as preguntas a Carmela e degustando a infusión relaxante, que non nos fixo moito efecto.



Cando chegamos á **Granxa Maruxa** (en Monterroso), o primeiro que nos contou Marta foi por que elixiu vivir das vacas e non do que estivera estudando, empresariais. Enseñounos as cortes onde tiñan as vacas e becerros. A granxa estaba moi decorada con distintas cores, cadros... Póñenlles música ás vacas para que estean relaxadas, e por ser o primeiro colexio galego en ir á granxa, puxéronlle a un becerriño de nome "Láncara". Tamén nos ensinou a sala de ordeño e o tanque.

Nas fotos de arriba podemos ver o tanque do leite e a máquina de descremar onde se obtén a nata. Tamén está "Láncara", a becerria que nós apadriñamos.

Nas fotos de abaixo vemos a entrada da granxa e a Marta explicándonos na nave onde gardan a maquinaria.



Tamén teñen unha fábrica de galletas de nata ecolóxicas, as "Maruxas de nata". Déronnos a proba e estaban moi ricas, e estivemos vendo como as facían e tamén o forno. E por suposto tamén fixemos as preguntas para a entrevista o grupo dos *amorados*. Cando nos íamos sacamos unha foto diante da galletería.



Aquí estamos degustando as "Maruxas de nata" na fábrica de galletas.



A **Granxa Archeixal** (concello de Palas de Rei), era unha granxa bastante especial na que elaboraban queixos e iogures ecolóxicos. Cando chegamos, Luz levounos a un lugar moi bonito que estaba restaurado, que foi onde comemos e logo vimos unha película de como se facían antes os queixos. Despois ensináronnos unha vivenda museo moi antiga amosando a vida das persoas a principios do século XX.



Á esquerda estamos os de 1º de ESO facendo a entrevista a Luz, no lugar chamado "O parladoiro". Á dereita, unha habitación da casa chamada Economuseo, que está para ver como vivían antes nas aldeas. O colchón era de follas de millo.

Despois fomos ver as vacas e os becerros e ensináronnos a sala de muxido e os sitios onde facían, conservaban e vendían o queixo e o iogur. Tamén degustamos o queixo e o iogur, que estaban boísimos! Tamén nos ensinaron unhas casas rurais restauradas que eran preciosas e se podían alugar. Cando os turistas veñen os fins de semana tamén participan nas actividades de recollida de patacas, de millo, na malla do trigo... Por último, o grupo dos *Berenxenas* fixéronlle a Luz as preguntas para a entrevista.



Aquí vemos a sala onde fan os queixos e a cámara frigorífica onde os almacenan e curan(abaixo).



Nesta foto estabamos vendo unha das vivendas que alugan, onde tódolos materiais son naturais e as pinturas e barnices son ecolóxicos.

Sobre as cinco e cuarto acabouse a nosa vistoria e voltamos ao autobús para regresar ao noso colexio. Pasámolo moi ben e quedáronnos ganas de facer máis excursións así.

UNHA APOSTA DE FUTURO

Un venres de marzo saímos do centro os alumnos/as de 4º de ESO máis eu cara o Páramo.

Fumos ver dúas explotacións gandeiras ubicadas nese Concello.

Os rapaces ían ledos porque “perdían” unha mañá de clases e algúns deles xa coñecían o que íamos visitar, así que non lles facía novidade.

Eu creo que fun a máis sorprendida do grupo, a pesares de nacer nunha aldea moi parecida seguramente ás deles.

Pero o que vin aquel día non tiña nada que ver



Europa.

Pero según nos contaron os seus propietarios persisten dous problemas que haberá que acometer a curto prazo se non queremos apedrar este esforzo de mellora : o eterno minifundismo e a comercialización dos produtos.

A grande partición da terra foi arraxada nun caso coa xuntanza dos terreos (que non sempre é posible) en forma cooperativa , e noutro estase a espera da concentración(que depende da vontade política).

A venda do leite e do gando de carne faise a grandes industrias alleas aos produtores (pero sempre supeditados á vontade dos compradores).

Pero os nosos labregos e labregas demostran cada día que son capaces de aprender, de innovar e de revolucionar o presente e asegurar un futuro para as novas xeracións.

Non teño ningunha dúbida de que con homes e mulleres coma estes haberá mil primaveras máis para o noso agro.


Rita.



co pasado; soamente os prados verdes, os valados e as leiras traballadas me recordaron que estabamos na eterna Galicia.

As dúas granxas foron para min un descubrimento e unha toma de contacto coa realidade que se está a vivir no noso agro: unha realidade en profunda transformación

que haberá que contar se



queremos que o noso rural non desapareza mundo engulido polo despoboamento e o abandono.

A inxeñería, a alta tecnoloxía e os avances xenéticos están presentes nestas explotacións, e os nosos labregos e labregas poden competir en infraestructuras con calquera granxa de



DEPORTES

O DEPORTE: A MELLOR OPCIÓN PARA UNHA VIDA SAUDABLE

O deporte situouse hoxe en día na primeira plana da actualidade mundial e por suposto tamén da española.

Ese deporte convertido en espectáculo, liderado polos Nadal, Alonso, Gasol, Messi, Ronaldo ou Federer, séntanos habitualmente fronte á pantalla da televisión ou nos leva a un pavillón ou estadio permitíndonos gozar dun bo intre vendo a deportistas con habilidades e capacidades moi especiais:

Fernando Alonso coa súa velocidade e constancia cada carreira, Pau Gasol con movementos impropios dunha persoa de 220 cm de altura, Mar- t a Domínguez incombustible e tenaz atleta campiona do mundo en 2009, Usain Bold desafiando os límites da velocidade humana, etc. Detrás de todos eles escóndense moitísimas horas de traballo e sufrimento, de duros adestramentos diarios, sen apenas descansos, renunciando a facer moitas outras cousas e dándonos unha lección de vida válida para todos nós: duro non é gañar un partido ou unha carreira, duro é o camiño que hai que percorrer para poder conseguilo.

Este deporte do que falamos, que podemos ver cada semana nas nosas televisións, é unha entretida forma de ocupar o noso tempo libre, pero sobre todo debería ser unha motivación para que cada un de nós practicásemos algún tipo de actividade física, xogo ou deporte de forma regular.

É gracioso escoitar a algunhas persoas que din que son “moi deportistas” por que sentan cada fin de semana no sofá e se “tragan” todo o que sobre deporte emiten as diferentes canles de televisión agarrados as patacas fritas, os gusanitos e a CocaCola: esto non é ser deportista.

O deporte en si, practicado por cada un de nós, lonxe das cámaras, dos records e da perfección técnica, é o que realmente achega moitas cousas positivas a cada un de nós, o tempo que nos permitirá valorar moito

máis o que son capaces de facer algúns excepcionais deportistas:

- O deporte permítenos coñecer e relacionarnos con xente nova tanto compañeiros como rivais de xogo.
- Mellora a nosa condición física e con iso a nosa saúde, converténdose no mellor medicamento para o noso corpo e a nosa mente (sempre que se practique correctamente).
- Se nos “enganchamos” ao deporte, este pódese converter na mellor opción para ocupar unha parte do noso tempo libre durante toda a nosa vida.
- Facer deporte convértese nunha vía de escape de todos os problemas que na vida nos van xurdindo: mentrás fas deporte olvídate de todo o resto.
- O deporte dános a posibilidade de viaxar e coñecer diferentes lugares aos que imos xogar.
- Podemos elixir entre un gran abanico de actividades físicas e deportes dende o sendeirismo ata os deportes máis complexos, de modo que sempre hai unha que se adapta ás nosas posibilidades e gustos.

Se aínda non o tedes claro, para en calquera momento a ver xogar os rapaces e rapazas no patio do colexio, nun campo de fútbol, ou nunha pista de baloncesto e observa con detemento a súa cara: a cantidade de emocións que senten e que se reflicten no rostro de cada xogador, son a confirmación de que están gozando, vivindo e sentindo cada segundo do xogo.



¡¡ Engánchate o deporte, non te arrepentirás !!

Martina Navratilova



A súa infancia

A tenista Martina Navratilova naceu o día 15 de outubro de 1956 en praga (república checa). O seu pai biolóxico suicidouse cando era moi pequena e foi criado polo seu padrasto, Mirek Navratil, xunto con sua nai. A súa avoa foi xogadora de tenis e seus pais eran admistradores de tenis para o goberno checoslovaco. Aínda que practicaban moitos deportes como o fútbol, o esquí ou o hockey, finalmente decidiuse por ser tenista. O seu primeiro torneo foi cando tiña tan só 8 anos, e aos catorce xa era ganara do primeiro torneo nacional.

Proclamase campioa de checoslovaquia

Con tan só 16 anos, en 1972, proclamouse campioa de checoslovaquia, e gañou o Torneo de Wimbledon en categoría junior.

Un ano máis tarde. En 1973 pasou a xogadora profesional e chegou aos cuartos de final no seu primeiro Grand Slam.

Tamén viviu en Estados Unidos

En 1975 foise a vivir a Estados Unidos. Conquistou varios títulos de dobles formando parella coa tenista Chris Evert, ganando máis tarde o Torneo de Wimbledon de dobles. Iba ser precisamente Chris Evert a súa gran rival da época, encontrándoa en numerosas finais individuais.

Convertese na mellor xogadora

A partir do ano 1975 converteuse na mellor xogadora do circuito, ganando por dous anos consecutivos Wimbledon en individual e liderando a *Women Tennis* (WTA). Entre os seus logros encontrábase o haber gañado nove veces Wimbledon, catro o Aberto de Estados Unidos, dos Roland Garros e tres o Aberto de Australia. En dobles tamén obtivo un gran número de vitorias.

Nacionalízase estadounidense

En 1981 nacionalizouse estadounidense por problemas coa Federación Checoslovaca de Tenis. Dous anos máis tarde comezou a súa relación con Judy Nelson, sendo un gran escándalo nos medios debido as peticións económicas da súa narella.

Anuncia públicamente que é bisexual

En 1980 anunciou publicamente que era bisexual debido a que os medios de comunicación fixeran eco da súa relación con Rita Mae Brown. A súa sinceridade fixo perder os seus principais patrocinadores.

Retírase

Retírouse no ano 1994, con un total de 167 títulos a

Reaparece no ano 2000

En 2000 apareceu para participar en torneos de exhibición e en competicións de dobles e mixtos. En 2000 Navratilova foi incluída no Salón da Fama do Tenis Internacional de Newport (Rhode Island, EEUU).

Confirma que é lesbiana

En 2003 regresou as canchas e ganou o Aberto de Australia e Wimbledon na modalidade de dobles mixtos, convertíndose nunha das tres únicas tenistas en ganar todos os títulos posibles e na máis veterana -46 anos- en conseguilo. Aínda que Martina en principio se declarou bisexual para evitar problemas coas autoridades, posteriormente confirmou que era lesbiana. Colabora activamente en organizacións de defensa de dereitos dos homosexuais e hasta tubo enfrontamentos cos políticos estadounidenses.

A súa opinión

Dice que se sente molesta porque a identifican como a "tenista homosexual" ou a "tenista lesbiana", posto que ser unha tenista famosa é un mérito, pero ser lesbiana non.

HISTORIA DE DÚAS HORAS PARA NON OBTUSOS-OBTUSOS



CAPITULO 1: PERDIDOS NO RIO

Esta película ben se podería chamar perdidos na illa, como o programa da tele, polos valores e coñecementos que se desenrolan.

Sempre que se actúa no exterior, existe unha connotación do descoñecido, de aventura, de descubrimento, de pasar certos riscos. Aínda que se coñeza o camiño, as condicións son cambiantes; neste caso ,por culpa do duro inverno, o traxecto estaba enlamado, con árbores caídas e sumidoiros abertos pola presión da auga (foto 1). Descubrir algo novidoso é moi gratificante, sorpréndete e desperta a curiosidade e, polo tanto, eleva o espírito e a autoconfianza.



CAPITULO 2: AS BICICLETAS NON SÓ SON PARA O VERÁN

A bici é a máquina perfecta: é ecolóxica e tamén económica, podes percorrer longas distancias sen moito esforzo nun tempo aceptable, aínda que non esteas en forma. Traballa o sistema cardiopulmonar e o muscular, é de baixo impacto (as articulacións non sofren). Se se estraga pódela amañar nun intre. Gárdase nun espazo pequeno e dura toda a vida. Podes andar no salón (con rodillo), pola montaña e pola estrada. Podes levar a merenda e a cana de pescar, visitar os amigos, facer a compra....

Inventouna un alemán, Carl Von Drais, en 1817; impulsábase apoiando os pés alternativamente sobre o chan. A transmisión de cadea desenrólase ao redor de 1885. E a primeira a pedais atribúese ao escocés Mcmillan en 1839.



Empecei a escapar da casa con seis anos á poboación veciña, e aínda sigo ... Sempre na bici.

CAPITULO 3: O CAMIÑO

Pódese facer en solitario ou con compañía. Se vas só disfrutas da capacidade de descubrir o camiño, de amañarte como poidas, da tranquilidade, dos teus pensamentos, do espazo, decides se queres parar aquí ou alí ou se falas con aquel paisano. Se o fas acompañado avanzas no coñecemento de ti mesmo e do outro. O camiño é o medio ideal para sacar a carauta que todos levamos, non podes ocultarte todo o tempo. Se queres coñecer a alguén de verdade, qué tipo de persoa é e eres, o mellor é facer un percorrido o máis longo posible. De cada camiño ou excursión sempre che queda unha lembranza imborrable para toda a vida que de vez en cando agromará.

En fin, esta HISTORIA empeza en Lugo (Ponte Vella ou río Rato) e remata na Pobra de San Xiao. Tén 23 Kms e dura 2-3 horas. Póndense ver diversas paisaxes, edificios etnográficos (casa grande da Fervenza), e moita natureza. (ver fotos). O camiño é de terra ata a Ponte de Neira, despois tés que coller unha pista asfaltada en dirección ao lugar de Reconco, pasas por Moscán, e finalmente chegas ao teu destino.

O libro do Bushido ou de cómo ser un bo samurai (guerreiro medieval) describe catro tipos de persoas: ACTIVO ACTIVO, OBTUSO ACTIVO, ACTIVO OBTUSO, e OBTUSO OBTUSO. Algunhas persoas din que todo isto no vale para nada. Iso é porque son do cuarto tipo.



Per



DEBUXOS E COMICS





vai... de rodas



INFANTIL

4 ANOS







Venecia,
Monet

Yaiza e Tiffany 1º ESO




Murais feitos por alumnos do centro nos anos 2006, 2007 e 2008



Facer os deberes con Nuria e María



Desamor



Nenos do colexio de Ramón Piñeiro





CONTOS



O CUCO EN PRIMAVERA

Chegou a primavera e con ela voltan os paxaros a nosa terra.

A nós gustanos moito o cuco, e sabemos dous contos que de seguro vos gustarán. Imos aló:

Era un cuco raposeiro,
mentireiro,
falangueiro,
rapiñeiro,
gabaxeiro,
rebuldeiro.

E unha cuca lambeteira,
lagarteira,
feiticeira,
lisonxeira,
linguateira,
churrusqueira.

Éstes dous paxaros novos
veciños dun lucecú,
pasan o día nas árbores
cantando: cu-cú, cu-cú.

Olláanse de fite sempre e ninguén ousa falar,
pois o cuco e maila cuca
non son xente de fiar.

E así van pasando os días
sen que ningúen diga: mú...
Desde o clarexar á noite
só se sente: cu-cu-cú...

E o cuquito melindreiro,
gasalleiro,

chacoteiro,
sobranceiro,
e a cuquita solomeira,
xirifeira,
boniteira,
champulleira,
casadeira,
festexeira:

el marchou a un lamigueiro
xa que era u bo lamboeiro,
e ela foise para a eira
xa que era un bo lamboeiro,
e ela foise para a eira
xa que era ben afagueira.

E subindo en voo lixeiro
agastouse da compañeiro.
E o cuco quedou solteiro
e a cuca quedou solteira.

PARA QUEN CUCOU O CUCO.

O tío Xan de Outerio e mási o Bailón de Corbite, viñan un día para a vila de Guitiriz, para arranzar a cobranza dos subsidio de vellez. Vindo polo camiño sintiron lcu-car o cuco, e díxolle o tío Xan ao Bailón:

_ Cucou para min.

_ E díxolle o Bailón:

_ Non, ho, que cucou para min.

E sobre isto tiñeron tal disputa, que acordaron levar o asunto a un avogado. Ao cegar ao despacho contáronlle ao señor avogado o asunto que os levaba xunto del. E o avogado, despois de rascar u pouquiño a cabeza, díxolles:

_ Poñan cincuenta pesos cada un, e desprios dígolles para quen cucou o cuco.

Sacaron de carteira e botaron enriba da mesa os concoenta pesos cada un. Entón o avogado botando mana os cartos, dixo:

_ Agora dígolles para quen cucou o cuco: cucou... para min.

Para darlle benvida, imos cantarlle todos unha cantiga:

Canta o cuco
Kuki cuco
Canta o cuco
Kuki ka
(bis)

A nosa xente, gústalle moito facer refráns, o meu avó contoume uns poucos sobre o cuco:

Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, pois coa neve non quere vir. O cuco no abril xa sae do cubil.

Aos comezos de abril o cuco ten que vir; e, senón volveu, ou prenderon ou morreu.

Cando chega o cuco, vén o pan ao suco.

Cando canta o cuco, logo vén o gran ao suco.

Se non viches o cuco a mediados de abril, ou morreu o cuco ou quere vir a fin.

Eu sei un poema que me ensinou o meu papá.

Ai cuco, cuquito,
como es borriquiño
cando rei por aquí pasou
tódalas aves el convidou
menos unha que quedou
e esta tivo gran peesar
porque o rei
non a quixo convidar.



E para rematar, un consello: respetade ós paxaros e a todos os animais que eles teñen dereito a vivir igual ca nós.

HISTORIAS QUE NOS CONTAN OS AVÓS



O MILAGRE DO GALO

Houbo unha familia de peregríns que tiña un fillo chamado Hugo. Xa preto de Santiago pararon a xantar nun mesón.

A rapaza do mesón namorouse do xoven Hugo. El non lle facía caso, entón a rapaza decidiu vingarse.

Puxo unha copa de prata na equipaxe de Hugo e cando os peregríns seguiron o seu camiño, a rapaza denunciou o roubo ao alcalde. Daquela, as leis castigaban coa morte as persoas que roubaban. Unha vez preso, o inocente peregrín, foi aforcado.

Ao saír os pais de Hugo camiño de Santiago foron ver ao seu fillo aforcado e entón oiron a voz do rapaz que dicía: - Santo Domingo salvoume! Os pais foron correndo á casa do alcalde contarlle o acontecido.

- O noso fillo está vivo!

- Sí claro, o voso fillo está tan vivo coma este galo que vou comer, dixo o alcalde. Nese intre o galo ergueuse e empezou a cantar

Entón liberaron a Hugo e seguiron camiñando ata chegar a Santiago.

Alberto 3º de primaria

O FARO



Nunha montaña chamada O Faro, existe unha cova que contén un tesouro de moedas de ouro e moitas xoias.

Para abrir a porta da cova precísase unha chave que teña a forma da pata dunha aguia. O que atope esta chave poderá abrir a porta e quedarse co tesouro.

Anais 3º de primaria.



A CADELA SELVA

Érase unha casa de campo na que vivía a nai cos tres fillos (dúas rapazas e un rapaz). Tiñan unha cadela moi boa chamada Selva. Unha noite sentírona ladrar e xemer moito. Entón, saíron todos a ventá e viron que un lobo quería comer a Selva. Quedaron moi asustados. Pero, o rapaz que era moi valente e un gran cazador, foi pola escopeta e tirou un tiro ao aire. O lobo escapou asustado. Así Selva salvouse e sempre quixo moito aos seus donos.

Raquel 3º de primaria.



NA POBOA NON PARA O TREN

Hai moitos anos a estación de ferrocarril da Poboia de San Xiao tiña moito movemento. Pois, eran moitos os trens que paraban nesta estación. Un chamábase o ferrobús, outro o correo e outros os que lle chamaban os mercancías traían: trigo, patacas, pescado etc.

Na estación vivían dúas familias a do xefe da estación e a do factor. Tamén traballaba na estación o garda agullas.

Agora a estación xa non ten servizo. Na Poboia, aínda que é unha pena, xa non para ningún tren. A estación está pechada.

Anita 3º de primaria.



O CONTO DOS CARRETEIROS

Este conto contáballo a miña bisavoa a tía Amparo.

Antes, en vez de coches ou camións coma nos días de hoxe, había carros para transportar as cousas. En ocasións, xuntábanse para facer o que eles chamaban carretos.

Un día ían nun carreto moitos carreteiros que tiñan que madrugar moito; saían con noite e ían polo Camiño Real que os conducía ata Madrid. Ao abrir o día, pasaban por debaixo duns carballos que asombraban o camiño. Viron de fronte un enterro e o carreteiro que ía diante, arrimou á beira e mandou arrimar aos outros para que pasara o enterro. O enterro foi pasando e un pouco máis atrás viña un vello pequeno, feo e coxo arrimado a un garrote. Ao chegar preto do primeiro carreteiro díxolle: - sorte tivestes metervos entre os bois, senón quedaríades todos máis pequenos que un grao de millo. Sen máis palabras, seguiu coxeando detrás do enterro e os carreteiros mortos de medo dixeron uns aos outros: - ise era o demo !.

Este conto, dicía miña tía que o contaba para que souperamos os pequenos o que era o medo. O demo non lles puidera facer nada aos carreteiros porque os bois eran benditos.

Manuel 3º de primaria.

Eu non son feliz

Érase unha vez unha nena chamada Rut, Rut, era moi traballadora. Se perdía un día de clase: "ll ll ll" empezaba a chorar. Así é como empieza a historia.

Un día, o pai moi impaciente, foi á súa habitación e díxolle:

- Teño malas noticias.
- ¿Marchou o coche, marchou a vaca?
- Non, non é iso.
- Veña, idio que teño que ir ao cole!
- De iso se tratan as malas noticias...
- Veña, veña, díxoa.
- Mira pola ventá, serache mellor...
- Papá, ¡está nevando!
- Sí, nena. Por iso te levantaches tan tarde.
- ¡Jooo! papaiño, eu quero ir ao cole!
- Imposible, non saen os transportes.

Rut, púxose moi triste, e o seu pai intentou consolala pero Rut seguía insistindo: quero ir ao cole, quero ir ao cole.

E mentras que eles discutían... Teño que rematar a historias.



Historia de una castaña.

Había una castaña
que se subió en una araña
la araña se movió
y la castaña se cayó.
¡Pobrecita la castaña
que se subió en una araña!



Lucía Anros o Volques, 2º EP.

A castaña

En un castiñeiro estou,
tu apanasme, e tu comeme
cando me asas
á plancha.



Miguel Bande Rodríguez 2º


A POMBA

Nun souto de Soicara,
vivía unha pomba branca,
gustáballa durmir no pinal de Mouriz,
ó caer as follas do castiñeiro a
pomba ía durmir ao piñeiro.



Titulo: A gotina mágica

em Niger há muitos problemas de água, porque chove pouco



Somente
uma
gota
de
água



Que é isto?



Que
quer
te
branco?

!Desprezume
o vento!



10



¡OYE BEN!
Aquí eres
muy necesario,
precisamos
agua.

Eu soa non
podo. Vou poder
miñal compañer
ros.



¡AYUDARHE!
tenemos que
ayudar a NIGER

¡¡MOSALÓ!
¡¡MOSANIGER!

27



LENDAS

¿Por qué os crocodilos sempre están na auga?

Contar que fai mitísimo tempo, tanto que ningún recorda, cando os crocodilos tiñan unha pel finísima e brillante coma o ouro.

Os crocodilos pasaban o día baixo a auga do río e entre a lama para non ter tanta calor. E pola noite, saían e poñíanse a descansar na beira. Entón, os outros animais, que se achegaban a beber, admiraban a dourada pel dos crocodilos. O crocodilo, cada día máis fachendosos da súa pel, pensaron que tamén poderían saír de día. E así o fixeron. Pero... Qué pasou entón? Pois co quente sol africano, pouco a pouco foi secando a capa de barro que cubría a pel dos crocodilos. E a súa pel lisa e brillante coma o ouro convertiuse en rugosa e escura.

Dende ese momento, os animais deixaron de admiralos, e estes decidiron saír moi poucas veces do río.

Agora só sacan os ollos da auga cando alguén se acerca, e así ningún animal ve a súa fea e arrugada pel.

Os “gamusinos”

Estaba Pedro o pastor das cabras dándolle a vara a súa avoa e para que a deixara en paz, díxolle:

_!Vai cazar gamusinos!

E Pedro que creía todo o que lle decían preguntoulle:

_¿E como sei eu quen é un gamusino?

_ Comeráte.

E Pedro saiu a cazar gamusinos.

Iba pola rúa preguntándolle á xente:

_¿Eres un gamusino? E ti, ¿eres un gamusino?...

Despois dun rato, Pedro volveu todo decepcionado para a casa porque non cazaba gamusino ningún:

_!Avoa, non cacei gamusinos!

_!Ha, ha, ha! os gamusinos non existen, díxencho para que me deixaras en paz.

E os dous riron.

Alicia García Cabaleiro. 4º EP

Lenda do oso panda

Fai moitos anos os Osos Pandas eran totalmente brancos.

Había unha nena que atopou un. Pero uns días despois atopouse un tigre que quería comer o Oso. A nena pelexou pero matouna. Os Osos Panda en honor á nena ensuciaban as patas con cinsa e ao chorar ao redor dos ollos puxéronselles de cor negro e branco.

A nena tiña tres irmáns. As irmáns sentían tanta pena que se tiraron no río. Ao día seguinte apareceu unha montaña de catro picos. A montaña dos catro irmáns.

Silvia Rodríguez Rodríguez 4º EP

Lenda

Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do ceo, polo arrepentimento de que o pagou e polo gran sentimento o de quen o fixo.

Nerea Montes Cuba 4º EP

REFRÁNS

Ano de neves, ano de béns.

Dime con quen andas e direiche quen es.

A quen madruga Deus lle axuda.

O neno e o can según o fan.

Fame que espera fortuna non é fame ningunha.

Santiago Péndon Minaguillón 4º EP

A semana do folgazán

Luns, galbana,
Martes, mala gana,
Mércores, tormenta,
Xoves, mala cuenta,
Venres, a cazar,
Sábado, a pescar,
E domingo a descansar.

Pablo Juan Balboa 4º EP



Marzo marzán cara de can

En Abril augas mil enche o carro e o carril

Por Maio aínda a Vella quema o talo

En Maio temlela o cabalo

Xaneiro alteiro.

Iván Vilar 4º EP



Na casa do ferreiro coitelo de pao.

Para coller peixes hai que mollar o cú.

Fillo mimado fillo mal criado.

O que se promete con viño esquecese polo camiño.

Comer e rascar é todo empezar.

Jennifer Rodriguez Hermida 4º EP

Pouco importa madrugar se non hai gana de traballar.

Cando o galo pica a pita, aínda, aínda. Cando apita pica o galo, malo, malo.

Cando chove e fai sol anda o demo por Ferrol cun saco de afileres para pincharlle o cu as mulleres.

Silvia Rodríguez Rodríguez 4º EP



ADIVIÑAS

Auga pasa pola miña casa,

Cate do meu corazón,

O que non o adiviñe,

e un burro cabezán

(O augacate)

A boca sabe rica

E da boca baixa pabe

(A cuchara)

Teño pata e non podo andar

E tamén teño comida encima

E non a podo probar

(A mesa)

Miguel Sánchez Campo 4º EP

PROVERBIOS E DITOS

Que a túa palabra non adiante ao teu pensamento.

Interesame o futuro porque é onde vou pasar o resto da vida.

A máis clara proba de que existe vida inteligente noutros planetas é que aínda non nos visitaron.

Non abras os labios se non estás seguro do que vas a decir, é máis hermoso o silencio.

Non hai camiño para a paz; a paz é o camiño.

Persígueme a sabiduría pero son máis veloz ca ela.

A muralla china fíxose para que os dragóns: (que daquela non tiñan ás) non os atacaran.

Alicia García Cabaleiro. 4º EP

MÚSICA



RAP DA LINGUA

Que falemos en galego
é unha cousa natural
coma a chuvia no inverno
e a calore no verán.

En galego! Xa, si! (bis)

Ainda hai pais que non lles falan
os seus fillos en galego
porque pensan que é unha lingua para pobres
e paletos.

En galego! Xa, si! (bis)

Ós teus pais animarás
a falarche en galego
que non che van sair grans
nin tampouco cae o pelo.

En galego! Xa, si! (bis)

Hai rapaces e rapazas
que o ir o instituto
non queren falar galego

porque din que én montuno!

En galego! Xa, si! (bis)

Máis se laguen che fai tilín
e o queres namorar
faielle as beiras en galego
de seguro ligarás!

En galego! Xa, si! (bis)

Anque o fales todo o día
non che pode sentar mal
nin da ocos, nin da febre.
Fai a proba, é xa verás!

En galego! Xa, si! (bis)

Falemos a nosa lingua
que é unha lingua moi moderna
nas escolas e nas casas
nas cidades e aldeas (catro veces)

En galego! Xa, si! (bis)



1º Ciclo Primaria

MICHAEL JACKSON

Michael Jackson naceu o 29 de agosto de 1958 en Indiana (EEUU).

En 1962, Joe Jackson, o seu pai; formou unha banda con tres dos seus fillos: Jackie, Tito, Jermaine e dous xoves amigos deles: Reynaud e Milton. Máis tarde, estes últimos foron substituídos por Michael e o seu irmán Marlon.

En 1968, firmaron un contrato coa discográfica Motown Records. “The Jackson 5” foi unha das bandas máis populares da súa época e chegaron ao cumio das clasificacións musicais de EEUU co seu primeiro álbum: “Diana Ross Presents the Jackson 5” (con sinxelos como ABC).

Michael iniciou a súa carreira en solitario co CD: “Got to be there”. El obtivo moito éxito, mais as vendas con “The Jackson 5” comezaron a baixar e os irmáns deixaron a discográfica en 1975.



seu custo foi de 800 000 dólares.

En 1984, filmou un anuncio para Pepsi Cola, e no rodaxe, sufriu queimaduras debido á pirotecnia que se empregaba para rodalo. Michael donou a un centro médico a onde asistira os cartos cos que a compañía o indemnizara.

En 1985, cun extenso número de prestixiosos artistas, Michael lanzou “USA for África” unha produción musical que contiña o sinxelo “We Are The World”; que recaudou un millón de dólares para axudar á poboación famenta de África.

Actualmente, coincidindo co vixésimo quinto aniversario da primeira versión desta canción, estrouse unha nova cuxos beneficios están destinados á reconstrución de Haití. Conta coa actualización da música e letra a mans de William (dos Black Eyed Peas) e Kanye West.

En 1986, a Michael diagnosticáronlle unha enfermidade coa cal o color da súa pel ía pasando a ser cada vez máis claro. A estrutura da súa cara tamén comezou a cambiar e moitos pensaron que se estaba sometendo a operacións de ciruxía estética.

O álbum Bad, un gran triunfo comercial, aínda que sen as mesmas vendas que en Thriller, lanzouse en 1987. En setembro deste ano, comezou unha xira que contou con 123 concertos e que recaudou 125 dólares, parte dos cales foron donados por Michael a hospitales e ONGs.

En 1988, lanzou a súa autobiografía: Noonwalk, que vendeu 200 mil exemplares.



O artista con axuda de Quincy Jones, produciu o álbum: “Off the wall” en 1979. Este contou coa participación de Stevie Wonder e Paul McCartney e acadou vender 20 millóns de copias. Estaba nacemento unha estrela.

En 1982, publicouse o disco Thriller, convertido no máis vendido de todos os tempos. Contou con sete sinxelos que alcanzaron o Top 10 de EEUU (entre eles “Billie Jean” e “Beat It”).

O videoclip do sinxelo que da nome ao CD (máis ben unha curtametraxe, cunha duración de 14 minutos) estreouse en decembro de 1983; ante a expectación de miles de persoas. Redefiniu o concepto de vídeos musicais. A coreografía, o vestuario, a música... fan que se asemelle a un musical de terror, ao aparecer homes lobos e zombies. O

En marzo de 1988, comprou unha finca en California para construír alí o seu rancho "Neverland". Aquí fixo un parque de atraccións, un zoolóxico e un cine.

En 1989 convertiuse nun dos artistas mellores pagados do mundo. Foi apodado "o rey do pop" e George Bush nomeouno "artista da década".

En

1991 publicou o seu octavo álbum: "Dangerous". O primeiro sinxelo del foi "Black or White"; que alcanzou o posto número un na lista Billboard e se mantivo durante sete semanas consecutivas.

En 1992, creou a Heal the World Foundation, para poder axudar aos nenos máis desamparados do mundo. En verán dese ano, comezou unha nova xira con "Dangerous". Todas as ganancias desta foron donadas á fundación.

En 1993, Michael foi acusado de abusador sexual por un neno e o seu pai dos moitos que acollía en Neverland. Isto repercutiu gravemente no estado anímico e na imaxe pública do artista. Deza seis anos despois, o neno recoñeceu que o cantante non lle fixera nada, e que mentiu obrigado polo seu pai para solventar problemas económicos.

prob-

En 1994, Michael casou con Lisa Marie, filla de Elvis Presley. Divorciáronse dous anos máis tarde.

En 1995, publicou History, un álbum recopilatorio que incluía algún temas inéditos como Scream, grabado coa súa irmá Janet.

Casou con Debbie Rowe en 1996. Tiveron dous fillos: Prince e Paris. Divorciáronse en 1999 pero permaneceron sendo amigos. Michael obtivo a custodia dos nenos.

Blood On The Dance Floor, un novo álbum, foi publicado en 1997 que se convertiu no álbum de remezclas máis vendido ata o momento.

En outubro de 2001, publicou o álbum Invincible.

En 2002, naceu o seu terceiro fillo: Prince Michael Jackson II.

En 2003, volveu ser acusado por malos tratos. Nos dous anos que transcorreron dende a acusación ata o xuízo, Michael volveuse adicto a un medicamento: o demorol. En 2005 foi declarado inocente.

En 2006, as autoridades de EEUU, pecharon Neverland; debido a que o artista non cumpría todos os pagos.

En 2008, Michael lanzou "Thriller 25", que contiña nove cancións do álbum orixinal e seis temas inéditos, onde colaboraban William e Fergie (dos Black Eyed Peas) e Akon entre outros.

O 5 de marzo de 2009, nun auditorio de Londres, ante 20 000 fanáticos, Jackson anunciou o seu regreso aos escenarios coa xira This is it. Esta contaría con dez concertos a celebrarse no mes de xullo. Neles, interpretaría cancións inéditas.

O 25 de xuño de 2009, Michael sufriu un paro cardíaco e respiratorio. Faleceu despois de atoparse en estado de coma. Actualmente investigase a Conrad Murray, o seu médico persoal, pois existen probas de que foi quen provocou a súa morte.

O funeral público celebrouse o 7 de xullo de 2009, cunha cerimonia seguida en directo por máis de 1000 millóns de persoas ao redor de todo o mundo. No evento participaron varios cantantes de alto prestixio e amigos de Michael.




Tania Fernández e Cristina Pernas 2º B

O CORO DOS PROFES



Por segundo ano consecutivo os profes do centro animáronse a cantar dúas panxoliñas no festival de Nadal. Nótase o ensaio porque cada vez lles sae mellor. Ánimo e continuar para o ano coa mesma alegría.





Andrei Filipov era o mellor director da orquesta da **Unión Soviética** e dirixía a célebre **Orquesta de Bolshoi**.

Pero na súa plena gloria, tras renunciar a separarse dos seus músicos xudíos, entre os que estaba o seu



mellor amigo **Sacha**, foi despedido. Trinta anos despois, sigue traballando no **Bolshoi**, pero agora... como limpiador. Unha noite que **Andrei** se queda hasta tarde sacando brillo o despacho do xefe, encontra un fax dirixido a dirección de **Bolshoi**: trátase dunha carta do **Teatro do Châtelet** invitando a orquesta oficial a que vaia a dar un concerto a **París**. De repente, a **Andrei** ocórreselle unha idea tola: por que non reunir os seus antigos compañeiros músicos, que viven de facer traballiños e chapuzas, e levalos a **París**, facéndolles pasar por o **Bolshoi**? A tan esperada ocasión de tomarse a revancha por fin chegou!

Isabel Rodríguez, Marta Brea, Ana López, Nerea Balboa

O CONCERTO

FICHA:

Título original: Le concert. **Dirección:** Radu Mihaileanu. **Países:** Francia, Italia, Romanía y Bélxica. **Ano:** 2009. **Duración:** 119 min. **Xénero:** Comedia, musical. **Interpretación:** Alexei Guskov (Andrei), Mélanie Laurent (Anne-Marie), Dimitri Nazarov (Sacha), Valeri Barinov (Iván), Miou-Miou (Guylène), François Berléand (Olivier), Anna Kamenkova (Irina), Lionel Abelanski. **Guión:** Radu Mihaileanu; baseado nun argumento de Héctor Cabello Reyes e Thierry Degrandi. **Produción:** Alain Attal. **Música:** Armand Amar. **Fotografía:** Laurent Dailland. **Montaxe:** Ludovic Troch. **Distribuidora:** Vértigo Films.

SINOPSE:

Na época de **Breznev**, **An-**




CONVERSACIONES CO MEU XARDINEIRO

FICHA:

Título orixinal: Dialogue avec mon jardinier. **Ano:** 2007. **Duración:** 109 min. **País:** Francia. **Director:** Jean Becker. **Guión:** Jean Becker, Jean Cosmos, Jacques Monnet (Novela: Henri Cueco) **Fotografía:** Jean-Marie Dreujou.

Reparto: Daniel Auteuil, Jean-Pierre Darroussin, Fanny Cottençon, Alexia Barlier, Hiam Abbass, Élodie Navarre



Produción: ICE3 / K.J.B. Production / Studio Canal / France 2 (FR2) / Rhône-Alpes Cinéma. **Xénero:** Comedia.

SINOPSE:

Despois dun fracaso persoal, un pintor de éxito volve á súa aldea natal na **Francia** profunda para instalarse na casa da súa infancia. Un xardín ben proporcionado rodea o edificio, pero el non sabe, nin quere coidalo; prefire poñer un anuncio no xornal local. O primeiro candidato resulta ser un antigo compañeiro do colexo milagrosamente reencontrado.

No seu trato diario co xardineiro, o pintor descobre unha persoa que termina por asombralo pola súa franqueza e a maneira simple e original de contemplar o mundo. A súa vida está marcada por referencias simples cunha felicidade sen aspaventos.

Entre eles émbolos dous regresan a unha certa adolescencia tardía e fraternal na que se mesturan as súas familias, os seus coñecementos, as cenurias, as cabazas, a vida, a morte, viaxar en avión, as grosellas, os gustos e os cores. Redescúbrenlo todo a través da mirada do outro e renovan o espectáculo do mundo.



Álvaro Fuentes, José Antonio Varela, Kevin Mejuto



PASATEMPOS

WORD SEARCH

r	h	e	a	d	d	g	m	i	k
e	s	l	w	o	e	w	o	m	
c	e	n	o	s	e	s	a	r	k
g	b	b	l	m	y	h	s	r	c
d	l	h	a	i	r	o	c	l	e
e	y	o	r	e	t	u	b	e	n
m	e	t	t	s	o	l	s	d	l
h	t	u	o	m	e	d	n	a	h
m	s	r	o	k	n	e	e	d	c
r	t	m	f	l	y	r	y	o	r
a	f	i	n	g	e	r	e	w	t

cabeza	perna
nariz	oído
dedo	ombro
cuellor	dedo do pe
pelo	ollo
braxo	mella
boca	pe
man	rodilla

Alicia García 40

Wild animals



giraffe ximaba



cabalo horse

Which animal is taller?

Qual é o animal mais alto?

A
N
I
M
A
I
S

Which animal is shorter?

Qual é o animal mais baixo?



ostrich avestruz



flamingo flamingo

S
A
L
V
A
X
E
S

Which animal is smaller?

Qual é o animal mais pequeno?







rabbit coelho



bird paxaro

Nereia Monteiro Guedes 4º

What do they eat?

 <p>esquío squirrel</p> <p>Thought bubble: _____</p>	 <p>ra frog</p> <p>Thought bubble: _____</p>
 <p>Mono monkey</p> <p>Thought bubble: _____</p>	 <p>Foca seal</p> <p>Thought bubble: _____</p>



bellotas
acorns



pez
fish



insectos
insects



Huesos
bones



Fruta
fruits



heno
hay

Santiago 42



ROUPA

top	coat	gloves	shoes
skirt	sweatshirt	the	trousers

1	_____	
2	_____	
3	_____	
4	_____	
5	_____	
6	_____	
7	_____	
		

U
L
O
T
I
M
S

Sibria Rodriguez Rodriguez. 4ºP.
Jenni fer Rodriguez Hermida 4ºP.


overallsweatshirte
topskirtierstrouserskishoesoskirtlog
bacoatyit



Xogos e actividades



- ❖ Mira atentamente a figura e di cantos cadrados podes atopar en total nela.




Resposta: _____

- ❖ No pobo de Vilaresta van a numerar as 100 casas dunha nova calle cos números do 1 ao 100. Cantos oitos Terán que pintar nas fachadas?

Resposta: _____

- ❖ Como podes ordenar cinco 5 para que o resultado da súa unión sexa 5?



Resposta: _____

Cristina Pernas Pereiro 2ºB

- ❖ Mira atentamente as palabras e di rápidamente o color dos cadros (non a palabra).

laranxa	azul	verde
rosa	amarelo	vermello
branco	vermello	branco
verde	azul	amarelo
vermello	rosa	branco

- ❖ Serías capaz de empregar tres 6 para facer un 7?



Resposta: _____

Cristina Pernas Pereiro 2ºB

XOGOS MATEMÁTICOS



► Oito e oito e oito e oito dánme cento vinte. Parece imposible, verdade?. Coloca os tres signos matemáticos que corresponda entre estes números xemelgos e verá cumprirse a igualdade: $8 \ 8 \ 8 \ 8 = 120$

► Sete seis que fan un, dous, tres. Con tan só sete 6 e tres operacións pódese lograr verificar a seguinte igualdade: $6 \ 6 \ 6 \ 6 \ 6 \ 6 \ 6 = 123$

► Nove cifras que fan cen. Coas operacións que ti mesmo elixas, chegas ao número 100 empregando as nove cifras sen omitir nin repetir ningunha: $1 \ 2 \ 3 \ 4 \ 5 \ 6 \ 7 \ 8 \ 9$

► 91, número máxico. Se multiplicas o número 91 por 1, por 2, por 3 e así sucesivamente ata o 9, e colocas as respostas en columna, téns uns resultados moi curiosos, non che parece?

Toneis de viño

Dous viaxantes van dendendo viño polos pobos. Na súa furgoneta levan 3 toneis: un de 8 l. cheo de viño, e outros dous baleiros de 3 e 5 l. de capacidade.

Na metade do camiño peléxanse e deciden repartir o viño en partes iguais, pero só dispoñen dos toneis citados.

-como poderían facer?

Casados, solteiros e viúvos


A poboación masculina de certa cidade componse de 100 homes.

53 deles están actualmente casados en primeiras ou segundas nupcias;

32 non se casaron nunca, 15 enviuváronse e 5 separáronse da primeira muller pero volveron casar.

-Cantos dos que enviuváronse volveron casar?

A ilusión de Zöllner



As liñas verticais, son ou non son paralelos?

Fíxate ben e razoa o porqué.



Eleccións

Antonte tiña 15 anos, pero o ano que vén poderei votar.

-que día son as eleccións?.

Que che parece está figura –é posible ou non?



CHISTES

-Por que se suicidou o libro de mates? porque tiña demasiados problemas.

Dous vectores atópanse e un deles dille ao outro:- Téns un momento?

-Cantos lados téns un círculo?. Dous, o do centro e o de fóra.


-Sabes quen é a patroa dos informáticos?- Santa Tecla


A inmensa maioría das persoas teñen un número de pernas superior ao promedio

David Liz Sierra 2ºB

Puzzles





The illustration depicts a forest scene with several trees of varying heights and shades of green foliage. In the foreground, there are patches of green grass. Various insects are scattered throughout the scene: two orange and black monarch butterflies are perched on tree branches; several black and yellow bees are flying or resting on the trees; two dragonflies, one blue and one white, are in flight; and numerous ants are on the ground. The background is a solid light yellow color.

CHOVE nas veigas sin que se oia.

Unha tras outra
cain as follas dando voltas...

Ollando a serra calada
ún agarda
unha cousa queda e lonxana.

BARBAÑA barbaña...

Qué noite de lobos!

Oulan os cais nas airas.

Anda a nebra baixa
polos caborcos do souto
e polas bouzas da braña...

UXÍO NOVONEYRA. Os eidos.

WWW.CENTROS.EDU.XUNTA.ES/CPARAMONPIÑEIRO



CONCELLO DE LÁNCARA
Delegación de Cultura



O noso centro debuxado ao natural por Martín López 4º ESO